

MELIDE

As empregadas da limpeza non irán á folga prevista para o día 14 P9

COMARCA

Polémica na renovación do consello rector da cooperativa Melisanto P11

CULTURA

A Casa Museo 'Furelos no Camiño' repasa a historia da aldea P13

ENTREVISTA



**Jose Valcárcel,
Xoiería Roval**

“Aposto por ter variedade de artigos e non só grandes marcas” P22

A comarca prepárase para o seu mes máis festeiro



Centos de persoas xa chegaron ás aldeas e vilas da comarca para compartir as súas vacacións cos máis achegados e gozar das numerosas festas que se celebran durante todo o mes. O ambiente festivo xa se fai

notar nas rúas e son moitos os que agardan impacientes para acudir ás verbenas. Melide vivirá as festas grandes entre os días 15 e 21. Este ano o San Roque durará seis días, un máis que de costume. P12 e 14

Asetem estuda organizar unha feira inmobiliaria



A directiva da patronal reuniuse cos socios do sector da construción e promoción para tratar a posibilidade de organizar unha feira en Melide. P3

Fomento anuncia que “reprogramará” a A-54



José Blanco confirmou no Congreso que os recortes en obras públicas afectarán á autovía Santiago-Lugo por “falta de madurez” do proxecto. P8

Editorial

Por outro San Roque

Todo o ano esperando polo San Roque. Así viven moitos melidenses e veciños dos concellos máis próximos, a maioría deles mozos, aínda que os hai de todas as idades. É a semana grande de Melide, cando as noites se fan longas e as horas de sono son moi poucas.

Estamos pensando no San Roque durante todo o ano, pero cando chega xullo as ansias de coñecer “o cartel” medran cada vez máis. Hai quen, nestes últimos anos ten levado unha boa decepción ó ver a escolla de grupos, orquestras e demais atraccións e actividades que se suceden ó longo dunha semana de troula.

Todos nos acordamos daquelas grandes actuacións que congregaron na vila a miles de visitantes. Pimpinela, Azúcar Moreno, Juan Pardo. Agora xa non queda nada diso. Dende hai uns anos o San Roque permanece estancado na mesma dinámica e non evoluciona. Máis ben, todo o contrario. Parece que as festas van cada vez a menos. Será a crise -xa falamos dela coma se fora un membro máis da nosa familia e das nosas vidas- a que impide que se fagan mellores festas e que se achegue máis xente á vila.

Pero non lle podemos botar todas as culpas á crise. É necesaria unha maior implicación colectiva de tódolos veciños para volver resucitar unhas festas que antano foron unha referencia en case toda a comunidade. Baixo o noso punto de vista, a organiza-



ción do San Roque precisa un cambio urxente. Somos conscientes de que preparar un evento destas características é moi complicado. Todos sabemos que é necesario facer horas extras cando se traballa nestas cousas, e case ninguén quere donar parte do seu tempo libre. Tamén é difícil traballar en equipo, pero necesario para abordar un evento destas características. A todos nos custa tirar dos nosos aforros para contribuir coa festa, pero hai que pensar que, ó final, todos sacamos algún proveito dela, ben sexa lúdico ou comercial.

O final das festas ten que marcar un punto de inflexión para comezar a organizar as do ano seguinte. Sempre se di que fa-

cendo as cousas con tempo, coa antelación suficiente, é cando mellor saen. Por iso, apostamos dende estas liñas por que se convoque unha asemblea cidadá para recoller propostas. A iniciativa ten que arrancar do pobo, non das instancias oficiais.

Non podemos resignarnos - como dicíamos no editorial do número de xullo- e deixar que o San Roque siga en decadencia, porque chegará un punto en que non poderá remontar. Temos que unírnos para conseguir darlle un novo impulso. Hai quen apunta a que pasar un ano sen festas sería un aliciente para traballar con máis ímpetu na súa organización. Pero, alguén se imaxina a Melide sen San Roque? Nós non.

Tribuna de opinión

Volver á terriña

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Como polo Nadal, o mes de agosto é cando miles de persoas que escolleron outro lugar para construír a súa vida -voluntaria ou involuntariamente- voltan á súa querida terriña.

Na nosa comarca, case todos recibimos, ou coñecemos a quen o fai, algunha visita nesta época. Son moitos os que marcharon algún día para o País Vasco, para Suíza, Francia ou Alemaña. E que volven cada verán.

Os de aquí estamos cheos de alegría por volver ver esas caras que tanto botamos de menos ó longo do ano e eles, que tamén comparten este sentimento, devencen por vivir tan só uns días na súa terra de orixe. Para moitos é unha recarga de enerxía, un poder respirar aire puro, poder camiñar tranquilamente lonxe do ruído dos coches e dos atascos das grandes cidades. É o momento de ver a aquelas persoas que só se ven unha vez ó ano, de compartir

lembranzas da mocidade, de reencontrarse con vellos amigos que tomaron camiños diferentes. É o tempo de revivir olores e, na maioría dos casos, sabores.

Nunha vertente máis económica, o comercio e a empresa da comarca deben moito a todas aquelas persoas que se instalan de xeito temporal na zona. Xérase un fluxo de gasto que practicamente non se dá noutra época do ano. Esta dinámica, que está reflexada no refraneiro popular - facer o agosto- é imprescindible para moitos dos negocios ó supoñer unha importante fonte de ingresos. E aínda que este argumento poida semellar materialista, os que nos adicamos á venda de calquera tipo de artigos ou servizos, sabemos que debemos estar profundamente agradecidos a tódolos clientes.

Grazas a todos por volver cada ano. Dende Asetem-Cca desexámolles unhas felices vacacións!

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta. 2.000 exemplares

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Tamara Navaza Sa

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 2, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Troiteiros ‘Río Furelos’, Xosé Domingos Fuciños, Santiago Prado Conde, Xosé Núñez López e Lois Praderas

AGRADECEMENTOS: M^a Pilar López, Jorge Sangiao

IMPRESIÓN: Norprensa S.A.

DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	8
-COMARCA.....	11
-CULTURA E LECER.....	13
-COLABORACIÓNS.....	19
-AXENDA.....	21
-ENTREVISTA.....	22
-AS NOSAS PAISAXES.....	23

Asetem estudia organizar unha feira inmobiliaria para dinamizar o sector da construción na zona

Os directivos reuníronse con varias firmas para recabar a súa opinión

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) leva estudando nas últimas semanas a posibilidade de organizar unha feira inmobiliaria que funcione como un impulso á dinamización do sector na zona, que atravesa serias dificultades debido á crise económica global.

Asetem-Cca xa lle trasladou esta idea ós seus asociados relacionados coa construción e a promoción inmobiliaria. Foi nunha reunión celebrada recentemente, na que os directi-



Reunión entre directiva e construtores e promotores

vos expuxeron esta iniciativa co fin de recabar a opinión dos asociados e ir artellando o proxecto. No encontro falouse da organización do evento en si, cuxo principal obxectivo é amosar a un público numeroso o que ofrece cada firma; e

das posibles datas para a súa celebración. Os asistentes chegaron á conclusión de que, ó ser un evento que precisa dun traballo exhaustivo para a súa preparación, a mellor opción sería celebralo o próximo ano, de cara ós meses de verán -po-

siblemente en agosto-, aproveitando a presenza dos numerosos veraneantes que cada ano se achegan á vila por estas datas.

En todo caso, a directiva da patronal e os empresarios irán perfilando máis detalles nunha próxima reunión, que se celebrará na sede de Asetem-Cca o vindeiro 23 de setembro. A asociación anima a tódolos socios a participar nestes encontros e amosar as súas propostas para esta iniciativa, que de levarse a cabo finalmente, sería a primeira vez que se faría na zona.

Dende Asetem-Cca recalcan que a participación na feira non estará pechada ó ámbito local, senón que no evento poderían darse cita firmas que traballen na comarca e nos concellos próximos.

A patronal solicita unha reunión con Medio Rural sobre a A-54

Asetem-Cca vén de solicitar unha reunión co director xeral de Conservación da Natureza, da Consellería de Medio Rural, Ricardo García-Borrégón, coa finalidade de recabar información de primeira man sobre o estado actual do tramo Arzúa-Palas de Rei da autovía A-54 que unirá Santiago e Lugo.

Actualmente, o trazado deste tramo da autovía está pendente de aprobación debido á reclamación da Xunta de buscar vías alternativas que alteren "o menos posible" o espazo natural protexido da Serra do Careón.

A patronal melidense quere amosar ó alto cargo da Xunta a preocupación do empresario e veciños locais ante a paralización da infraestrutura, que califican de "vital para o desenvolvemento da economía da comarca".



www.casaalongos.com
viños, licores e produtos ecolóxicos

www.casaalongos.com
viños, licores e produtos ecolóxicos



VIÑOS

- **Diego de Lemos** (D.O. Ribeira Sacra)
- **Toalde** (D.O. Ribeira Sacra)
- **Bacelos de Biobra** (D.O. Valdeorras)
- **Elisa Collarte** (D.O. Ribeiro)
- **Cordón de Santo André** (D.O. Ribeiro)
- **Igrexario de Saiar** (D.O. Rias Baixas)
- **Pago de Bemil** (D.O. Rias Baixas)
- **Pago de Xoán** (D.O. Rias Baixas)
- **Gundián** (D.O. Rias Baixas)
- **Godelia - Castro Bergidum** (D.O. Bierzo)

• **VIÑOS GRANEL** en barrica, en bag in box... (5 e 15 l.)

• **LICORES GALEGOS** licor de café, crema de licor, licor de herbas, cereixas, framboesas, arandos, augardente

• **LEGUMES** garbanzos, lentellas, arroz redondo, arroz basmati, faba branca, faboco, faba pinta, faba roxa, faba negra,...

• **CONSERVAS VEXETAIS** cremas de verduras, alcachofas, ketchup, pisto, salsa de tomate, cenoria en tiras, remolacha en tiras,...

• **ZUMES** 24 referencias en sabor, en envases de 1 l. e 20 cl.

• **EMBUTIDOS VEXETAIS** soia-cenoria, tofu-algas, cogumelos-pementos,...

POR ORIXE, POR CALIDADE, POR PREZO...



Camino Vello de Santiago ou Rúa Lavadoiro s/n . MELIDE (A Coruña)
Tfnos. 981 506 392 / 686 312 851 / 619 229 334 - e-mail: info@casaalongos.com
Horario: Mañáns de 10 a 1.30 h. :: Tardes de 4.30 a 8 h.

Visita a nosa
adega / almacén
e participa nas variadas
propostas que che ofrecemos
CAZAS, DEGUSTACIÓNS,...



• Chuvasqueiros bio-compostables de fécula de patata

Tallas L, M, S. Con ou sin semente dunha planta ou árbore. Posibilidade de personalización con tintas á auga. Múltiples usos e conversión en abono orgánico no final da súa vida útil, cos posibilidades de que con el abones a planta que incorpora.



• Bolsas bio-compostables de fécula de patata

Asa camiseta, troquel, lazo, bolsas para o lixo orgánico. Todas en distintas medidas e grosores.



• Vasos, pratos e cubertos bio-compostables

Pídenos **INFORMACIÓN** e **ORZAMENTOS** personalizados, sin compromiso. Tfnos. 981 506 392 / 686 312 851 / 619 229 334 - www.casaalongos.com

Colaboramos na túa campaña medioambiental: institucións, colexios, administracións, empresas,...

Participamos en xornadas informativas: Orixe e especificacións de materia prima, fabricantes, innovacións, novos produtos bio-compostables...

Propoñémosche os mellores prezos do mercado europeo.

Adaptámonos ás túas peticións cos produtos bio-compostables máis axeitados.



PRODUTOS

- 100% biodegradables
- 100% compostables
- Reciclables
- Reutilizables
- Garantizados pola normativa UNE EN 13432

Comproba as certificacións que se manexan a nivel internacional.



Diplomas para os creadores das mellores tapas

Asetem entrega as acreditacións ós locais gañadores dos premios do 'Melide de tapas'



Celia Casares, da Pulpería Alongos II, recolleu os diplomas á mellor tapa e á tapa feita con produtos galegos, polo pincho de 'Pulpo á grella con queixo de Arzúa-Ulloa en salsa de gambas'



Na categoría de tapa tradicional, obtivo o recoñecemento Jesús Manuel Segade, da Adega Mandil, coa tapa máis coñecida da casa, os 'Callos á galega'



A responsable do Bar Principal, Paula Chico, levou a acreditación correspondente á mellor tapa innovadora polas 'Empanadillas de pulpo'



O premio dunha fin de semana na Casa do Fidalgo da Pontenova (Lugo), foi para Jesús Moure, cuxo representante recolleu o comprobante que lle permitirá gozar do premio.

No acto de entrega dos diplomas, a presidenta de Asetem-Cca, Sonia Valiño, recalcou "a gran repercusión que tivo o concurso 'Melide de tapas' nos doce locais participantes, xa que conseguiu atraer a moita clientela". De feito, foron case 3.000 as persoas que outorgaron o seu voto ás tapas que se presentaron ó certame.

Nesta liña, os propietarios dos establecementos premiados confirmaron que "houbo moitos visitantes, turistas e peregrinos, e moita xente da vila que entrou nos nosos locais por primeira vez". Os hostaleiros aseguran que a día de hoxe aínda reciben clientes que queren probar as tapas que presentaron ó concurso e algúns deles xa incluíron o pincho nas súas cartas. "Pasamos moito traballo para elaborar as tapas tódalas fins de semana, pero vézmo-lo recompensado con creces", comentou Celia Casares, gañadora de dous premios.

Por outra parte, Valiño fixo un chamamento ós hostaleiros a participar en futuros proxectos que prepara Asetem-Cca para o sector e a aportar ideas para continuar coa dinamización da hostelería e, en xeral, de tódolos sectores económicos da comarca.



**Asociación de Empresarios
Terra de Melide
Centro Comercial Aberto**



Trinta comercios liquidarán stocks no sexto Mercamelide

Sortearanse lotes de produtos coma na anterior feira



O Concello espera que esta edición supere o número de visitantes da anterior

A primeira fin de semana de agosto foi a escollida polos comerciantes melidenses para celebrar a sexta edición do Mercamelide, a feira de oportunidades do comercio local. A edición de verán é a máis agardada polos integrantes do gremio, xa que é cando máis xente se concentra na vila e nas aldeas dos concellos de arredor que centran a súa actividade comercial en Melide.

Desta volta, a feira será moi similar á celebrada na pasada ocasión. Unhas 30 casas comerciais terán cadanseu stand no Pazo de Congressos, onde expoñerán produtos desta tempada e de anteriores a prezos moi rebaixados. Como sucede nouttras convocatorias, os postos de textil e calzado serán os máis demandados e

os que ofrezan as ofertas máis atractivas. De seguro que desta vez poderemos atopar promocións ó estilo de 2x1 ou descontos de ata o 80% sobre os prezos orixinais.

Pero á marxe destes sectores tamén estarán presentes establecementos que traballan produtos de perfumería, menaxe e decoración, mobles, souvenirs ou xoias, entre outros artigos.

Dende o Concello amósanse confiados en que esta convocatoria sexa un novo éxito, pois como expresou o concelleiro de Promoción Económica, Antonio Díaz, “dende a primeira edición, en febreiro de 2008, produciuse un crecemento importante en cada nova celebración”. Deste xeito, agárdase que se supere o nú-

mero de visitantes acadado o pasado mes de febreiro, cando acudiron á cita unhas 10.000 persoas.

Ademais, aqueles que merquen na feira entrarán no sorteo de lotes de produtos cedidos polos propios establecementos comerciais, como xa se fixera na anterior edición.

Cerne en Mercamelide

O Cerne, o xornal de Asetem-Cca tamén estará presente no Mercamelide, ó contar cun stand propio, ademais de repartirse nos postos dos comercios asociados. De cara ó mes de agosto, o xornal aumentou a súa tirada a 3.000 exemplares para ser distribuído en tódolos eventos e celebracións da comarca nas que se concentra numeroso público.

A patronal conta con xerente cualificada e avalada pola Xunta



Pilar López, Sonia Valiño e Manuel Vázquez

A asociación de empresarios comarcal xa conta cunha xerente cualificada, cuxa formación está avalada pola Xunta de Galicia. Pilar López rematou recentemente o Curso de Especialización de Xerentes do Comercio Asociado impartido ó longo dos últimos seis meses na Escola de Negocios Caixanova de Vigo.

Tras finalizar o curso, a xerente de Asetem-Cca recibiu o seu título acreditativo nun acto celebrado en Vigo o pasado 13 de xullo e presidido

pola directora xeral de Comercio, Nava Castro e por varios directivos de Caixanova.

Os xerentes dos centros comerciais abertos de toda Galicia recibiron formación relacionada coa atención ó cliente, marketing e vendas, liderado empresarial, protocolo e oratoria profesional, contabilidade, lexislación laboral e o fomento da cultura do asociacionismo, entre outras disciplinas por parte de expertos das máis prestixiosas universidades de todo o Estado.

Casa Juanito, s.l.
Mateo Segade Bugueiro, 39
Teléfono: 981 50 51 03
15800 MELIDE (A Coruña)
www.casajuanito1910@gmail.com



100 años de
Prestigio y Calidad
Especialidad en:
Licores y Vinos.

Villamor s.c.
inmobiliaria - mediciones
MELIDE A Coruña | Canton de San Roque, 8 | Tfno. 981505407 Fax 981815330 | www.inmobiliariavillamor.com



...a peza que precisa a súa empresa

**laboral
contable
fiscal
sucesións
tráfico
seguros**

Solicite presuposto sen compromiso !!

R/ Florentino L. Cuevillas, 2 Baixo
15800 MELIDE A Coruña info@ccxestion.com
Tf: 881 973307 Fax: 881 975314 www.ccxestion.com

Reforma Laboral II

Real Decreto-Ley 10/2010, de 16 de Xuño

NOVAS BONIFICACIÓNS DA COTA EMPRESARIAL Á SEG. SOCIAL POR CONTRATACIÓN INDEFINIDA, aplicables a contratos celebrados entre o 18/06/2010 e o 31/12/2011:

- Desempregados entre 16 e 30 anos, inscritos na Oficina de Emprego mínimo 12 meses e que non completaran escolaridade obligatoria ou carezan de titulación profesional: 800 euros durante 3 anos. Mulleres: 1000 euros durante 3 anos.
- Desempregados maiores de 45 anos, inscritos na Oficina de Emprego mínimo 12 meses: 1.200 euros durante 3 anos. Mulleres: 1.400 euros durante 3 anos.
- Transformación en indefinidos, antes do 31/12/2011, de contratos formativos, de relevo e de substitución por anticipación da idade de xubilación: 500 euros durante 3 anos. Mulleres: 700 euros durante 3 anos.

Mantéñense vixentes outras bonificacións establecidas na Ley 43/2006.

É requisito imprescindible para aplicar as bonificacións que as novas contratacións ou transformacións (excepto contrato de relevo) supoñan un incremento do nivel de emprego fixo da empresa; quedando obrigadas as empresas a manter o nivel de emprego fixo durante o período de duración da bonificación. En caso contrario, procederá o reintegro das bonificacións.

Non se considera incumprida esta obriga cando os contratos se extingan por despido disciplinario procedente, dimisión, morte, xubilación ou incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez do traballador ou durante o período de proba.

MODIFÍCASE O DESPIDO COLECTIVO, NO TOCANTE Ó SIGNIFICADO DOS CONCEPTOS: CAUSAS ECONÓMICAS, TÉCNICAS, ORGANIZATIVAS OU DE PRODUCCIÓN.

Enténdese que concurren causas económicas cando dos resultados da empresa se desprenda unha situación económica negativa; causas técnicas cando se produzan cambios, entre outros,

no eido dos medios ou instrumentos de produción; causas organizativas cando se produzan cambios nos sistemas e métodos de traballo; e causas productivas cando se produzan cambios na demanda dos produtos ou servizos que a empresa pretende colocar no mercado.

A empresa deberá acreditar alguna das causas e xustificar que a decisión extintiva contribúe a mellorar a situación da empresa ou a previr unha evolución negativa da mesma.

Mantense o período de referencia e o número de afectados pola decisión extintiva para consideralo como despido colectivo; así como a indemnización de 20 días de salario por ano de servizo, máximo 12 mensualidades.

CAMBIOS OPERADOS NO TOCANTE Ó DESPIDO POR CAUSAS OBXECTIVAS.

Prazo de preaviso: 15 días, computados dende a entrega da comunicación persoal ó traballador e a data de extinción do contrato.

A decisión extintiva considerárase nula de oficio cando o empresario tivera como móvil causas de discriminación ou violación dos dereitos fundamentais e liberdades públicas; ou en supostos como embarazo, risco durante embarazo ou lactancia, enfermidade provocada polo embarazo, descanso maternidade/paternidade, etc.; eliminando como causa de nulidade o defecto de forma, que a partir desta reforma, terá consideración de improcedente (excepto preaviso, sen prexuízo da obriga do empresario de abonar o salario correspondente á falta de preaviso).

ABONO DE PARTE DA INDEMNIZACIÓN POLO FOGASA, NOS NOVOS CONTRATOS INDEFINIDOS.

- Que se celebren a partir do 18 de Xuño de 2010 e que houbera tido unha duración superior a un ano.

- Cando se extingan por causas previstas nos artigos 51 e 52 do Estatuto dos Traballadores (Despido Colectivo e Despido por Causas Obxectivas)

Contía que será abonada directamente polo FOGASA: 8 días de salario por ano de servizo. Segue vixente o abono directo polo FOGASA do 40% da indemnización legal que corresponda ó traballador (en empresas de menos de 25 traballadores); cuxa relación laboral se extinga por despido colectivo ou polo artigo 52.c) do Estatuto dos Traballadores.

Axudas e subvencións

1. Axudas á Renovación do parque da Maquinaria Agrícola da Comunidade Autónoma de Galicia, convocatoria para o ano 2010. (DOG nº 136, do 19 de Xullo de 2010)
Renovación tractores, máquinas automotrices agrícolas, e máquinas arrastradas (sementadoras, cisternas e fertilizadoras).
Dirixida a persoas físicas, cooperativas, SAT, e outras persoas xurídicas, cuxa actividade principal sexa a produción agraria ou a prestación de servizos agrarios.

Contía máxima: 15.000 € para tractores novos; 30.000 € para máquinas automotrices de recolección; 30% investimento para o resto de automotrices e maquinas arrastradas.

Prazo: Ata o 18 de Agosto de 2010. Xestionanse nas oficinas agrarias comarcais.

2. Subvencións para a rehabilitación e renovación de calidade de vivendas no medio rural e conxuntos históricos de Galicia. (DOG nº 136, do 19 de Xullo de 2010)
Rehabilitación ou renovación de vivendas unifamiliares rurais e edificios ou vivendas en núcleos históricos, con resolución de conformidade para a obtención da cédula de rehabilitación de calidade.

Contías máximas: Rehabilitación, ata o 50% do orzamento, máximo 6.600 €. Renovación, ata o 50% do orzamento, máximo 8.600 €.

Prazo: Ata o 19 de Agosto de 2010.

3. Subvención para investimentos innovadores no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, convocatoria para o ano 2010. (DOG nº 131, do 12 de xullo)

Investimentos subvencionables:

- Creación dun novo centro produtivo ou ampliación para novos produtos e procesos.
- Diversificación da produción dun establecemento.
- Transformación fundamental de carácter innovador no proceso de produción.
- Creación e ampliación da capacidade tecnolóxica da empresa mediante estruturas de investigación e innovación para a xeración de desenvolvemento tecnolóxico.

Custo subvencionable mínimo por proxecto: 300.000 euros
Contía: Ata o 30% do custo subvencionable (pequenas empresas 20% máis, medianas empresas 10% máis); máx. 1.500.000 €.

Beneficiarios: Persoas xurídicas de carácter privado e domicilio social ou centro de traballo en Galicia.

Prazo: Ata o 12 de Agosto de 2010.

5. Axudas destinadas a determinados proxectos de mellora da xestión ambiental das explotacións porcinas en Galicia, para o ano 2010. (DOG nº 134, do 15 de Xullo)
Beneficiarios: Asociacións, organizacións e agrupacións de titulares de explotacións porcinas (cooperativas e SAT).

Actividades subvencionables:

- a) Compra ou arrendamento con opción de compra de maquinaria para a preservación e mellora na contorna natural na xestión de xurros das explotacións porcinas.
- b) Custos xerais relacionados (honorarios asesores, estudos viabilidade, adquisición patentes e licenzas)

Contía das axudas: Ata o 30% (37,5% nas zonas desfavorecidas), máximo 200.000 €.

Prazo: Ata o 16 de Agosto de 2010

DIRECTORIO DE EMPRESA E COMERCIO

ASESORÍAS

CC Xestión
Florentino Cuevillas, 2
881973307
Seguros Bilbao
Rda. de Pontevedra, 113
678055942

BANCA

Banesto
Rda. da Coruña, 16
981507978
Caixanova
Alexandre Bóveda, 7
981507300

CANTEIRAS

Canteras Rechinol
Arenal, 64 entrp. Izq,
Lalín
981505504
Canteras Prebetong
Brasil, 56, Vigo
981505576

CARPINTERÍA

Blangar
Ctra. Lugo km 46,
Melide
981505418
Carpintería
José Vilela
Lg. de Piñor, 14
667435808
Carpintería Laya
Rua Palas de Rei, 8
981505283
Eypar, S.A.
Madanela
981507203
Maderas
Ovidio Leiva
Belmil, Santiso
608587447

COMERCIO

Aceiteiro
Rda. da Coruña, 34
981505013
Andón Zapatería
Galicia, 26
981507896
Área de Servicio
O Rañao
O Rañao s/n, Melide
981506473
Autorecambios
Ángel
Avda. de Lugo, 4
981505251
Bensar
Novoa Santos, 10
981506165
Bodejas Mejuto
Rda. de Pontevedra, 74
981505004
Calitex
Galicia, 4
981505104
Carnicería Mella
Progreso, 16
981507556
Carnicería Penas
Avda. de Lugo, 35
981505916
Casa Alongos
Avda. de Lugo, 22
981506392

Casa das Luces
Alexandre Bóveda, 11
981505111
Casa Santos
Avda. de Lugo, 8
981505396
Centro Comercial
Ares
Rda. da Coruña, 27
981505053
Cociñas M. Buján
Avda. de Lugo, 99
981507421
Comercial Pampín
Cantón de S. Roque, 4
981506142
Confecciones
Cardigan
Convento, 20
981505110
Cristalería González
Agüeiros, 44
981507016
Cubiertas
Hermanos Blanco
Pol. Ind. A Raña, rúa 7.
O Barco
988335294
Decoré
Rúa do Convento, 1
661779193
Deportes López
Avda da Habana, 5
981505425
Distribuciones
Mella
Xoán XXIII
981506068
Distribuciones
Pascual
Avda. Lalín, 24
981506150
Electricidade Vilela
Avda de América, 34
981505900
Electrotel 2000
Florentino Cuevillas, 18
981507171
El Estanco
Progreso, 9
981506096
Escayolas Sito
Rda. Pontevedra, 75
981505951
Espomasa
Ctra. Melide-Toques,
km 8, Toques
981505971
Establecimientos
El Mueble
Rda. Pontevedra, 2
981505089
Estación de Servicio
Corredoiras
Corredoiras, 14,
Boimorto
981516004
Eurocadena
Cantón de S. Roque, 9
670292917
Expert-Melide
Rda. da Coruña, 32
981507855
Filgraf Dixital
Florentino Cuevillas, 2
981505277
Floristería Chelo
Alhóndiga, s/n
981505876
Floristería Maru
Convento, 9
981507580
Floristería Tarrío
Amador Rguez, 7
981506164

Froitas León
Progreso, 24
619469453
Frutas Gallego e
Hijos
Laberco, s/n, Arzúa
981500429
Frutas Nati
Pol. Ind. A Madanela
600448092
Fuciños Rivas
Rda. da Coruña
981505047
Hijos de Casal
Mariño
E. Álvarez Carballido, 1
981505310
Imaxina
Florentino Cuevillas, 4
881957087
Imprenta Meligraf
Rúa Galicia, 26
981506256
Inpugal
Rda. de Pontevedra, 107
981507647
Iris Melide
Emilia Pardo Bazán, 11
981507806
Jim Sports
Technology
Madanela S/N
981506434
Joyería Oro Ley
Rúa de San Pedro, 14
981505468
Joyería Silvela
Rda. da Coruña,40
981505997
Lácteos Terra de
Melide
Orois, Melide
981808009
Larpeiradas
Praza do Instituto,4-3º
981505688
Leiva Motosport
Rda. da Coruña, 52
981507334
Librería Cousas
Avda. da Habana, 29
981505775
Librería Victorio
Taboada Roca, 1
981505055
Mamaeuro
Avda. América, 10
981651744
M&M Moda
Rda. da Coruña, 58
981942415
Marvi
Rúa do Convento, 16
981507194
Melimática
Rosaleda, 6
981507881
Mobles Ares
Rda. da Coruña,62
981505564
Modas El Dándolo
Convento, 15
981506370
Motor Melide
Pol. Ind. A Madanela
981507031
Muebles Paula
Crta. Lugo, km 46,
Melide
981505734
Multiprecio Cousas
Novoa Santos, 25
981507474

Muxica Tenda
Xoven
Rúa do Convento, 36
981506366
Novavisión Óptica
Arca
Avda. de Santiago, 42,
Arca do Pino
649836742
O Carrizo
Avda. de Lugo, 83
615360089
Óptica Abal
Rda. da Coruña, 20
981506097
Panadería Tahona
Avda. da Habana, 7
981505127
Panadería e
Pastelería Toques
Avda. de Lugo, 31
981505181
Per lei
Rúa de San Pedro, 10
981507437
Perfumería Lyss
Rda. da Coruña, 44
981507684
Pescados Abel
Ovedo, 16
609823079
Pescados e
Mariscos Manolo
Rosaleda, 10
629812029
Pinturas Mejuto
Vimianzo, Santiso
981193494
Q me compro
Alexandre Bóveda, 16
981505149
Ramón Cabado
Avda. Toques, 30
981505137
Ramón Pampín
Bango
Rda. de Pontevedra,105
981507526
Ribeirao
Convento, 12
981505018
Sanoguera
Fotografía
Rda. de Pontevedra,45
981507360
Silvia Novias
Rda. de Pontevedra,48
981507174
Cooperativa
Melisanto
Agüeiros s/n, Melide
981506026
Suministros
Industriales Cire
Pol. Ind . A Madanela,
parc. 22
981507954
Súper Vilasoa
Xesús Bal Gay, 6
627240011
Supermercados
García
Rda. da Coruña, 14
981815400
Supermercados
Gómez
Amador Rodríguez, 3
981507027
Ultramarinos
Juan José
Mateo S. Bugueiro, 39
981505103

Veterinaria Mónica
Blanco
Mateo S. Bugueiro,11
629507958
Xebre
Rúa de San Pedro, 16
981505723
Xoiería Roval
Alexandre Bóveda,12
981505431
Zapatería Tanuska
Cantón de S. Roque,14
981505793

CONSTRU-
CIÓN

Barreiro Lodeiro, J.
Baltar, Melide
981515386
C.S.A.
Convento, 15-1º Izq.
981507374
Cervisa Sistemas
Metálicos
Pol. Ind. A Madanela,
981507176
Const. M. Espiño
Concepción Arenal, 5
981507729
Const. Leonardo Mi-
guélez
Santa María, Melide
981505273
Const. Martínez
Cordido
Dr. Fleming, 1
981506051
Const. Orois
Codeseira, Melide
981507374
Const. Pambre
Fdez. Castro, 8
981505859
Const. Pichel Hnos
Avda. Estación, 2, Lalín
986780759
Costoya Varela, J.
Rda.Pontevedra,51 1º Iz.
981507089
Escayolas
Jesús Fociños
Avda. Montserrat, 40
Esc. 3 piso L2, A Coruña
981170550
Excavaciones
Paradela
Ribeiro,s/n
Os Ánxeles, Melide
981505592
Hormigones Carral
Sta. María de Veira,
As Travesas, Carral
981505025
Hormigones Myhnor
Pol. Ind. A Madanela,
Parcela 30
981173616
Marmolería
La Viña
C/ Lugo s/n, Arzúa
981500451
Marmolería Melide
Gosenxe, Ribadulla,
Santiso
981505518
Penas y Mosteiro
Avda. Toques y Friol
981504782
Química Industrial
Proquintas
Pol. Ind. A Madanela
981505300

Revestimientos
Rifer
Avda. de Lalín, 26
981507116

HOSTELERÍA

Bodegas Curros
Rda. de Pontevedra,18
981505968
Bodegón Celta
Agüeiros, Melide
981505505
Café Chaplin
Cantón de S. Roque,17
981505355
Cafetería Cire
Principal, 11
678676784
Cafetería Ivory
Cantón de S. Roque, 1
981507901
Cafetería Marta
Cantón de S. Roque, 13
981505346
Cafetería MJ
Alexandre Bóveda, 17
981507853
Cafetería Ruada
Rda. de Pontevedra,95
981507537
Cafetería Trinidad
Antón Fraguas, 3
Espectáculos
Ángel Seoane
Avda. da Habana, 15
981505328
Hotel Carlos 96
Avda. de Lugo, 119
981507633
O sapo Lambón
Avda. de Toques, 35
981505023
Parillada O Carbuvo
Villamor, Toques
981504907
Parrillada Rúa
Avda. de Lugo, 50
981506076
Pizzería Xoldra
Avda. de Lugo, 25
981507906
Pazo de Eidián
Eidián, 5 Agolada
986682545
Pulpería Alongos
Avda. de Lugo, 22
981507510
Pulpería Ezequiel
Cantón de S. Roque,46
981505291

ENXEÑERÍA
TÉCNICA
AGRÍCOLA

Javier López López
Rúa Xosé Ramón Fdez.
Castro,
981505482

MEDIOS DE
COMUNICA-
CIÓN

Dez TV
C/B, 27, Lalín
986787036

SERVIZOS

Aprende Academia
Rda. de Pontevedra,10
981815432
Fisio- Vida
Florentino Cuevillas,16
981507047
Happy O Local
Rda. Pontevedra, 44
669479252
Inmobiliaria
Villamor
Cantón de S. Roque, 8
981815330
Mª Jesús Iglesias
Sánchez
Rda. Coruña, 29-1ºD
981507608
OID
Rda. Pontevedra, 53
981505156
Rural Tec
Martagona esq. Bos Aires
981507245
Skala Peluqueros
Almirante Brown,19-21
981505903
Tecnamelide
A Madanela, parc. 80
981506388
Tecturis
Avda A Coruña, 39
2º C, Lugo
982242563
Toño Peluqueros
Rda. Pontevedra, 59
981506181
Xiganet
Rúa Progreso, 36
615929647

SOCIO COLA-
BORADOR

Mª Carmen
Carreira Simón
Rda. da Coruña, 50 1º
981505280

TALLERES

Talleres Bertocar
Furelos, Melide
981505612
Talleres Leiva
Madanela, Melide
981505211
Talleres Mejuto
Sta. María, Melide
981505999

TRANSPORTES

Cabado Rguez, J.R.
Pezobrés s/n, Santiso
981517789
Gasogal S.L.
Emilio Camp,2
981506029
Transportes Sierra
Pol. Ind. Madanela,
parcela 79
981515818

Fomento confirma que a autovía A-54 se “reprogramará” debido ós recortes

O ministerio alude á “falta de madurez” da infraestrutura

Blanco critica á Xunta por pedir un cambio de trazado

A autovía A-54, que une Santiago e Lugo, sufrirá un novo revés. O que moitos melidenses temían dende hai uns meses veuse confirmado recentemente trala comparecencia no Congreso do ministro de Fomento, José Blanco -fillo adoptivo de Melide-, para explicar os recortes na inversión en infraestruturas públicas ocasionados pola crise.

Segundo explicou Blanco, a autovía será “reprogramada”,



Presentación das obras do tramo Arzúa-Lavacolla

para, probablemente, introducir capital privado. Isto supoñerá un novo atraso para os prazos que estaban fixados -remate dos tramos Lavacolla-Arzúa e Palas de Rei-Guntín para o 2012-, pero o titular de Fomento non aclarou canto tempo se demorará a obra. Haberá que esperar a que o Goberno central presente os

presupostos do ano que vén para coñecer definitivamente as obras reprogramadas e qué fondos se adxudicarán finalmente a cada vía.

Dende o departamento estatal xustifican este tipo de actuacións na “falta de madurez” das propias infraestruturas, ó traballar coa premisa de que aqueles proxectos que non es-

tiveran nunha fase avanzada de execución, deberían paralizarse e replantexarse. É o caso da A-54, onde as obras en varios tramos, como o comprendido entre Lavacolla e Arzúa comezaron hai só uns meses.

Á espera de aprobación

Pero a situación preséntase máis complicada no caso do tramo Arzúa-Palas de Rei, que trancurre por territorio melidense, xa que o seu trazado aínda non está aprobado definitivamente. Precisamente, o ministro asegurou no Congreso que a autovía non está pechada porque a Xunta pediu un cambio de trazado, en referencia á petición da Dirección Xeral de Conservación da Natureza -dependente da Consellería de Medio Rural- de estudar novos trazados que minimicen a afección do espazo natural protexido da Serra do Careón.

Fomento e Xunta iniciaron conversas no mes de abril, cando a Xunta reclamou di-

versa documentación ó departamento estatal para poder emitir o estudo de impacto ambiental deste proxecto. Segundo avanzaron dende Medio Rural, o visto bo definitivo podería producirse nun curto período de tempo.

Paralización das obras

O anuncio destes recortes por parte de Blanco, o pasado 22 de xullo, tivo rápidas consecuencias na actividade dalgún dos tramos da autovía, onde as empresas deixaron de traballar ós poucos días da comparecencia. En concreto, xa non se traballa no tramo que une o Monte de Meda e a capital lucense, aínda que si se mantén activo o treito entre Guntín e Palas de Rei, a onde se trasladou a maquinaria que operaba no primeiro tramo.

Así as cousas, Lugo -e en consecuencia, Melide- seguirá a ser a única capital de provincia que non estea unida por autovía coa capital da comunidade.

pre betong

CANTERAS PREBETONG

GRUPO CIMPOR

Cantera de Melide

Áridos para hormigones, mezclas bituminosas, balasto y capas granulares

Furelos s/n. 15800 Melide (A Coruña).
Tfno./Fax: 981 505576.
www.canteraspребetong.es

Melide aproba un orzamento de 5,2 millóns de euros

A partida para obras ascende a 2,5 millóns

O Concello de Melide, nun pleno extraordinario celebrado o pasado día 12, aprobou os presupostos para o actual exercicio. A previsión de ingresos e gastos ascende a un total de 5.220.000 euros, dos cales 2,5 millóns se reservan para obras e demais investimentos. Esta cantidade “supera en moito as destinadas a obras nos últimos anos”, asegurou a alcaldesa melidense, Socorro Cea, que fixo referencia ós 830.000 euros destinados polo último goberno do PP para este capítulo.

O concelleiro de Facenda, Antonio Díaz, falou da “gran dificultade para axustar os presupostos”, engadindo que estas contas se aproban “nun momento no que os concellos debemos facer fronte a dous

retos: por un lado, a diminución dos ingresos, derivados fundamentalmente da caída da actividade inmobiliaria; e por outro lado, a caída dos ingresos procedentes doutras administracións”.

As contas foron aprobadas co voto en contra do PP local que, en palabras da súa voceira, Ánxeles Vázquez “teñen un desaxuste tremento, xa que non están incluídos os 1,6 millóns en facturas sen recoñecer”. Así, falou de “orzamentos irrealís” e criticou que o gasto en persoal “supera o 40% fronte ó 1 % de inversión, polo que de non ter os plans estatais Melide non ten nin para pagar o asfalto dunha pista”. Dende o goberno local reiteraron que o gasto en inversións reais será de 2,5 millóns.

Redución de soldos

Onde si houbo acordo entre formacións políticas foi para a redución dos soldos dos cargos políticos, que son do 7% para a alcaldesa e do 6% para o tenente de alcaldesa e as outras dúas concelleiras con dedicación exclusiva.

Tamén se recortou por unanimidade a asignación ós grupos políticos, que pasa de 120 a 100 euros mensuais por grupo. Asimesmo, reduciuse de 60 a 50 euros a cantidade que reciben os partidos por cada concelleiro que forma parte da cámara municipal.

Aprobouse a redución de soldo dos traballadores municipais, segundo establece o decreto estatal. “Adoptouse a solución que menos lles prexudicaba”, dixo Cea.

Desconvocada a folga das traballadoras da limpeza

O Concello comprométese a pagar a débeda contraída coa empresa concesionaria no mes de setembro

Despois de reunirse co tenente de alcaldesa de Melide, Manuel Prado, o representante do sindicato UGT, David Barrio, anunciou a desconvocatoria da folga das traballadoras do servizo de limpeza -programada para mediados deste mes- ó obter o compromiso do Concello de abonar a débeda que ten contraída con Seralia, a empresa concesionaria, no mes de setembro. A firma cifra a cantidade en máis de 60.000 euros.

No encontro, segundo a versión de Barrio, o tenente de alcaldesa asegurou que o pago da débeda se efectuará despois do 12 de setembro, cando queden aprobados os orzamentos deste exercicio.

A finais do mes que vén,

Concello e sindicato reuníranse para avaliar a situación.

Retraso no pago da extra
As empregadas que se encargan de limpar os edificios municipais como a gardería, o centro de saúde, os colexios ou os polideportivos, foron chamadas á folga por UGT para facer un paro o día 14 de agosto. O motivo da convocatoria foi o retraso no pago da extra de verán por parte da concesionaria do servizo, que finalmente abonou a paga o 27 de xullo. Ademais, as traballadoras tamén cobraran a mensualidade con dez días de retraso.

Dende a firma aseguran que non poden garantir a puntualidade nos pagos debido á can-

tidade que lles adebeda o Concello, transmitiron a UGT. Barrio afirmou que “apostamos por dar outro voto de confianza máis ó Concello, pero se en setembro non se resolve esta cuestión, actuaremos con man dura”.

Reclamacións

Na próxima reunión entre Concello e sindicato, que será a finais de setembro, o representante das traballadoras abordará a actual situación dos contratos da plantilla, pedindo un aumento de xornada, xa que “a carga de traballo que teñen supera a xornada pola que están contratadas”. Actualmente, só unha das sete empregadas traballa a xornada completa.

Os melidenses saíron á rúa para festexar o Mundial



As rúas de Melide convertíronse nunha algarabía o pasado 11 de xullo despois de que a selección española se fixera co Mundial. Centos de veciños ateigaron dende a medianoite o cruce da vila, ataviados coas camisetas da ‘roxa’ e a bandeira española.

Houbo quen botou de menos que o Concello instalara unha pantalla xigante no Cantón de San Roque -como reclamaron dende o PP- para poder ver o partido contra Holanda ó aire libre. De igual xeito, foi unha noite de alegría, cuxa resaca se prolongou varios días.

As xornadas ‘Ciencia e Territorio’ do IES melidense celebráranse en setembro

Centráranse na análise da xeoloxía do Camiño

Os próximos 13, 14 e 15 de setembro celebráranse as VII Xornadas ‘Ciencia e Territorio’, organizadas polos departamentos de Ciencias Naturais e Sociais do IES de Melide en colaboración co Movemento de Renovación Pedagóxica Nova Escola Galega.

Nesta edición, as actividades -dirixidas ó profesorado de educación secundaria- estarán centradas na análise dos aspectos xeolóxicos do Camiño de Santiago. Por primeiro ano amplíase o ámbito de estudo a toda a comunidade, e non só na Terra de Melide. Os organizadores quixeron aproveitar a celebración do Xacobeo para analizar a través do Camiño Francés os diferentes tipos litolóxicos e estruturas xeolóxicas da Galicia oriental,

facendo un percorrido leste-oeste. Deste xeito, as actividades comezarán o día 13 en Melide, coa entrega de material aos participantes e a conferencia inaugural e logo trasladáranse ó val do río Neira, en Lugo e a Baralla.

En días posteriores, os participantes terán diversas sesións de traballo de campo en Becerreá, Vegadeo (Asturias), Pedrafita do Cebreiro, Triacastela e Sarria, onde finalmente celebrarán unha asemblea e se procederá á clausura das xornadas.

Segundo explican os organizadores, o obxectivo destas actividades é “facer reflexionar aos educadores sobre a necesidade de integrar os recursos que nos ofrece o medio para que a educación cumpra o seu supremo obxectivo de formación integral dos alumnos a partir daquello que pode ser vivenciado de xeito directo”.

Pretenden converter o estudo da comarca, “que ofrece unhas posibilidades apenas explotadas”, nun referente en toda a comunidade.



PRODUTOS ARTESANOS DE CALIDADE
XEBRE

Tenda degustación de queixo e produtos artesanais de calidade
Novas instalacións en Rúa San Pedro, 16 Melide

Tenda Tlf/fax: 981505723
Queixería Tlf/fax: 981100252

Balada - Visantóna
15809 Santiso
xebre@telefonica.net



PENAS Y MOSTEIRO, S.L.

AVDA DE TOQUES Y FRIOL – FORTE
15800 - MELIDE (A CORUÑA)
T/F.: 981 50 77 21 / penasymosteiro@telefonica.net

Lavado de cara para Furelos en pleno verán

As obras paralizáronse en agosto para que os bañistas gocen do río

Os bañistas e visitantes que se achegaron á área recreativa de Furelos (Melide) nas últimas semanas xa poideron ver o avance dos traballos de acondicionamento que se realizan na zona do río.

Incluído no segundo Plan E, o Concello proxectou a mellora da zona de baño e da parte axardinada, unha actuación longamente demandada polos usuarios da zona de ocio, que nos últimos veráns xa non poideron gozar dun baño no cauce fluvial debido á acumulación de lodos no fondo.

As obras, que teñen prevista unha duración de dous meses e para as que se reservou unha partida de 300.000 euros, iniciáronse a comezos de xullo coa retirada da area do borde



Vista dos traballos que se realizan ao borde do río

do río e a construción dunha escalinata que dá acceso á zona do baño, segundo explicaron dende a firma local Química Industrial Proquintas -asociada a Asetem-, encargada dos traballos.

Para a construción das escaleras foi necesario o valeirado do cauce ata un nivel duns 30 centímetros. Ata o lugar desprazouse a Gardería de Medio Rural que, xunto con mem-

bro da Asociación de Troiteiros 'Río Furelos', trasvasaron as troitas ó outro lado da presa, río abaixo.

Posteriormente, instalouse un entarimado de madeira pegado á beira do río, que serve tanto como para zona de solario como para o tránsito dos usuarios.

Tras estas actuacións, os traballos suspendéronse a finais de xullo para non impedir o



O pantalán xa foi trasladado á zona para ser instalado

uso da zona por parte dos visitantes. Retomaranse en setembro, segundo indicaron dende Proquintas, para realizar a drenaxe da zona axardinada que evitará os constantes asolagamentos no inverno.

Ademais, limparase o fondo da zona de baño, na que se acumula gran cantidade de lodos e restos orgánicos. Esta actuación xa fora solicitada polos troiteiros melidenses,

que no 2006 recolleron máis de 1.200 firmas reclamando o arranxo da praia fluvial.

O acondicionamento da zona completárase coa renovación do mobiliario e coa instalación dun pantalán flotante que permitirá ós usuarios adentrarse no cauce do Furelos. A plataforma, que leva unha escaleira anexa, chama a atención dos que estes días se achegan á zona.

Os troiteiros de Melide fan balance do seu lustro de vida no día do socio

O colectivo terá as xornadas de limpeza a partir do 28 de agosto

Á beira do río que lle dá o nome, a Asociación de Troiteiros 'Río Furelos' celebrou recentemente o seu quinto aniversario. Cunha xornada de pesca e xantar, os socios reuníronse para facer balance do lustro de vida do colectivo, que conta actualmente con 351 membros.

Destacaron a limpeza do río Furelos e os seus afluentes -Martagona, Catasol, Vilamor e Capela-. Neste senso, o presidente dos troiteiros, Xavier Pazo Blanco, indicou que estas actividades propiciaron que "cada ano a cantidade de lixo que se recolle é menor, ademais de aumentar a concienciación da poboación, que no



Os socios celebraron un xantar na área recreativa de Furelos

canto de tirar os refugallos ó río os leva ó punto limpo". Ademais, recordaron que anualmente se procede ó coitado das beiras dos ríos, cortando e retirando as ramas e suciedade acumulada para evitar desbordamentos.

Precisamente o próximo 28 de agosto comezarán as sextas

xornadas de limpeza, que se extenderán ós primeiros dous sábados de setembro. Limparán un treito de 11,5 quilómetros do Furelos -dende a ponte de Furelos ata a Ponte da Fraga en Souto, Toques- e tamén dos principais afluentes. Os traballos serán certificados pola gardería.



Tablas Racións Almorzos

Os fins de semana achégate a tomar unha copa e disfrutar da boa música!

Avda de Toques,35 - Melide

Polémica renovación da metade do consello rector de Melisanto

Un sector dos socios critica a “politización” da cooperativa

Os novos cargos queren “máis transparencia” na xestión

A Cooperativa Melisanto celebrou unha asemblea de socios o pasado 20 de xullo na que foron renovados seis cargos -a metade- do consello rector. Haberá novos vicepresidente, secretario, vicesoureira, vogal terceiro e cuarto e suplente primeiro, que tomarán posesión a comezos deste mes.

Os socios tiveron que elixir entre dúas candidaturas. A formada por Jesús Cándido García, como vicepresidente, e cos apoios de Alfonso Villamor, Soledad Agra, Faustino López, Mari Carmen Castro e Guillermo Vázquez; e a integrada por José Manuel Leiva, Jesús Pumar, Francisco Sueiro, Luis García, Jesús Loureiro e José Luis Val.

Foron 23 os votos que outorgaron a vitoria á candidatura encabezada por José Manuel Leiva, que obtivo 190 apoios fronte ós 167 que recabou a lista de Jesús Cándido García. En total, exerceron o seu dereito ó voto uns 370 socios, pouco máis da metade do



O enxeñeiro técnico agrícola de Melisanto, Antonio Mosqueira Rañón, foi premiado recentemente pola súa labor á promoción do cooperativismo na comarca Terra de Melide. Na celebración do Día do Cooperativismo Galego, o presidente da Xunta loou o papel de Mosqueira, asegurando que “abriu as portas de Melisanto ós gandeiros da Terra de Melide”.

total, uns 700 membros.

A asemblea rematou “con certa tensión”, segundo indicaron a Cerne varios socios presentes, porque para unha parte deles a lista elixida non representa os verdadeiros intereses dos integrantes da entidade. Critican que os novos directivos non venden toda a súa produción a través da cooperativa. “Entrou xente que non comercializa os seus produtos pola cooperativa nin compra alí as materias primas, algo que si fan os da outra candidatura”, explica José Ramón Mella. Este gandeiro de Toques ve o futuro “complicado” para Melisanto, sobre todo no caso do sector lácteo -que é o pilar da cooperativa-, porque só dous dos novos cargos se adican a esta actividade, fronte á totalidade dos mem-

bro da outra lista.

Delegación do voto

Integrantes de Melisanto cuestionan os métodos utilizados polos cargos elixidos para obter as delegacións de voto. Falan da implicación de varias persoas -totalmente alleas á entidade- na “recolección” dos apoios. A este respecto, Leiva alude ós estatutos da entidade, que contemplan a posibilidade de delegar o voto. Neste punto, García indica que este sistema “está dentro da legalidade”, aínda que censura a forma na que se fixo. “De tódolos xeitos, hai que respetar a decisión dos socios”.

“Politización da cooperativa”

Outro dos feitos que non gusta en certos sectores é a vinculación coa política que teñen va-

rios dos novos directivos. Francisco Sueiro e Luis García, gandeiros de Toques, presentáronse en anteriores lexislaturas nas listas do PP toquense, na candidatura do ex-alcalde Jesús Ares. Outros membros teñen unha relación menos directa. O vicepresidente é fillo do alcalde de Santiso, Ovidio Leiva, e o secretario é o marido da velleira do PP de Melide, Ánxeles Vázquez.

“Agora entrou a política na cooperativa”, afirma José Ramón Mella. A súa opinión é compartida por moitos socios, que manteñen que “a política non se debe mesturar co funcionamento da cooperativa”. Leiva di “non ter ningunha relación coa política” e non cre que esta cuestión lle prexudique no novo cargo.

Xestión máis transparente
“Presentámonos porque vimos necesario que houbera unha alternativa”, explica Leiva.

As liñas de traballo dos novos membros do consello rector irán encamiñadas a “conseguir máis transparencia na xestión e implicar ós socios na toma das decisións importantes” para que “recuperen a confianza na cooperativa”. Segundo manifesta Leiva, “ten que haber máis transparencia e máis unidade no consello rector”.

Os cargos saíntes, integrantes da outra lista, negan falta de transparencia pola súa parte, aínda que falan de “certas irregularidades” por parte do resto da xunta rectora.

A Banda de Visantoña terá a súa xuntanza o 22 de agosto

Os membros da Asociación Cultural da Banda de Visantoña reuniranse o próximo 22 de agosto con motivo da celebración da XIX Festa do Socio, que este ano terá un significado especial, pois pretende ser un impulso á continuidade da Escola de Música ‘Eugenio Pazos Reyes’, o que fora director da banda durante o longo de varias décadas e que faleceu recentemente.

A xornada, que se celebrará no pazo de Vilar de Ferreiros -lugar que veu nacer a formación bandística-, estará repleta de actos, incluíndo a posta en escea dunha peza teatral a cargo do Grupo de Teatro Afeccionado de Visantoña ‘O Noso Lar’ e a presentación do libro ‘Historia dunha parroquia do interior rural galego’ do escritor local Xosé Núñez López, neto do fundador da banda -Ramón López Soto- e fundador da asociación que ampara á formación musical.

A Banda de Visantoña -a máis antiga da provincia-, celebrará este ano o seu 133 aniversario. Dende hai varios anos, é o neto do chamado ‘o director’, Uxío Reyes, o que leva a batuta.

Visantoña é unha parroquia de longa tradición musical, como demostra a antigüidade da súa banda e a existencia dunha escola de música na que cada ano os máis novos do concello reciben unha completa formación musical.

O Xacobeo traerá a ‘Pepe Vaamonde Grupo’ a Toques

O grupo de música folk ‘Pepe Vaamonde Grupo’, liderado polo músico do mesmo nome -orixinario de Visantoña (Santiso)- actuará o próximo 28 de agosto en Toques. Así o confirmaron dende o departamento de Cultura, dirixido por Cruz Bande, quen asegurou que “salvo problema de última hora”, en breves datas se pecharán os derradeiros trámites burocráticos co Xacobeo.

O concerto, de carácter gra-

tuíto, celebrarase en Souto, nun lugar aínda por concretar, que podería ser na praza ubicada detrás da Casa do Concello, segundo avanzou Bande.

Ademais, o vindeiro 8 de agosto -domingo-, actuará na praza do Edificio Multiusos de Souto a banda de música ‘Sementeira de Cambre’. O concerto está programado para as 18.00 horas. En caso de chover farase no polideportivo, informaron dende o Concello.



ESPIÑO

grupo

Promoción Construcción Decoración

Rehabilitación Diseño

nacemos realidad sus sueños

pisos dúplex plazas de garaje

locales comerciales viviendas unifamiliares

C/ Concepción Arenal 5, bajo. 15.800 MELIDE (A Coruña) - Telf./Fax: 981 507 729 Móvil: 617 305 570 - 608 264 617
E-mail: m.espiño@construccionesespino.com - esyro@construccionesespino.com

Sobrado prepárase para a XI Feira da Troita á Montañesa

Los Suaves,
Miguel Costas,
Festicultores e
Guezos poñerán
a nota musical

Un ano máis, e xa van once, a troita á montañesa será a raíña da festa en Sobrado, que rende culto ó seu manxar máis coñecido a fin de semana do 21 e 22 de agosto.

Dende o departamento de Turismo do Concello agardan que sexan varios milleiros as persoas que se acheguen á cita, aínda que todo dependerá das condicións meteorolóxicas da xornada festiva.

O día grande será o domingo, pero para ir abrindo boca, o sábado celebraranse na Praza do Concello o VI Festival musical e intercultural da Xuventude, que ofrecerá os concertos de Miguel Costas -ex-líder e ex-vocalista do grupo Siniestro Total- e do coñecido grupo ourensán Los Suaves. Os concertos, patrocinados polo Xacobeo, serán totalmente gratuítos.

Xa ó día seguinte, a troita centrará a maioría e actos, que comezarán ás 10.30 coa apertura dos stands de artesanía ubicados na Praza do Concello. A lectura do pregón, a cargo de José Castro López -xornalista nado en Sobrado- será ás 12.30 e a partir das 14.30 horas os visitantes pode-



Los Suaves actuarán o 21 de agosto en Sobrado, ás 12 da noite

rán degustar a troita á montañesa e polbo á feira na Praza do Concello, despois de asistir á actuación do grupo local de música e baile tradicional A Maristela, programada para as 14.00 horas.

A troita tamén se poderá degustar nos establecementos hostaleiros de Sobrado, que durante toda a fin de semana servirán tapas e pratos feitos a base deste manxar dos ríos da zona.

Xa en sesión vespertina, celebrarase a X Baixada de Carrilanas no circuíto da Alvariza. Coma tódolos anos dende o comezo da festa, participará unha delegación das famosas carrilanas da vila de Esteiro (Muros). Agárdase que sexan arredor duns 20 vehículos os que participen na cita, que repartirá 320 euros en metálico e trofeos -só para os tres primeiros clasificados- para os máis velozes. Así, o ga-

ñador da carreira levará 150 euros, o segundo clasificado 70, o terceiro 50 euros e o cuarto e quinto obterán 30 e 20 euros respectivamente.

Ademais, preto do mosteiro, na Vía Sacra, haberá habilitada unha zona de tiro con arco e un rocódromo.

Xa á tardiña, ás 20.00 horas, actuarán os animados Festicultores, ós que seguirán o grupo ourensán Guezos, formación encargada de poñer o broche da festa a partir das 22.00 horas.

Solta de 25.000 alevíns

As actividades relacionadas coa troita non só se reducen á degustación, senón que tamén se presta atención ó coidado desta especie que pobo os ríos galegos. O día 22, o Centro Ictioxénico de Sobrado farán unha repoboación do río Tambre coa solta de 25.000 alevíns na Pontepedra.

Un grupo de 'scouts' de Madrid pasaron o mes de xullo en Santiso



O grupo fixo a maioría de actividades ó aire libre

Buscaban un terreo extenso e nun sitio á sombra onde poder instalar o seu campamento, e atopárono en Santiso. Preto da Pontenova, o Grupo Scout Claret de Madrid construíu o seu refuxio. O 10 de xullo chegou a avanzadilla, que se encargou de montar a cociña, o comedor e instalar as tendas de campaña, todo elo feito con madeira que mercaron en serradoiros do concello. En total, unhas 100 persoas entre rapaces e monitores pasaron uns 20 días en Santiso, nos que desenvolveron diversas actividades lúdico-educativas.

"En Año Santo tenemos la tradición de hacer el Camino y, un poco al azar, llegamos a este sitio, donde nos cedieron desinteresadamente el terreno", explica agradecido o coordinador do grupo, Ignacio Porto. Chegaron a Santiago o 24, víspera do día do Apóstolo, e acompañados das súas familias recolleron a Compostela e foron á Misa do Peregrino.

Convivencia cos veciños

Á marxe da peregrinación, o resto de actividades estiveron centradas no coñecemento do contorno máis próximo. Visitaron a praia fluvial de Arce-diago, Visantoña e as granxas e hortas da zona. A relación cos veciños de Barazón e Chorén foi moi estreita. De feito, como agradecemento, invítáronos a unha cea. "Fue muy divertido, nos trajeron rosquillas, vinieron los gaiteros y también hicimos el conxuro de la queimada", recorda Ignacio, ó mesmo tempo que explica que o obxectivo dos campamentos é "conocer la zona, las costumbres y cómo se vive en cada sitio que visitamos".

Ademais deste obxectivo, pretenden que as súas actividades revirtan económicamente na zona onde se instalan. "Compramos los víveres en Melide y las familias que nos acompañaron se alojaron en casas de turismo rural de Santiso".

Organizan unha ruta de sendeirismo para visitar varias paraxes toquenses

O departamento de Deportes do Concello de Toques traballa na organización dunha ruta de sendeirismo que fará un percorrido por distintos lugares de interese paisaxístico e cultural do territorio toquense. A ruta, programada para o domingo 21 de novembro, comezará o percorrido pola Hermida de San Cidre, as Fervenzas de Brañas, o Castro da Graña, a Capela de San Antolín, a Penamoura e o dolmen do Forno dos Mouros.

A lonxitude do percorrido está entre 20 e 25 quilómetros. Todos aquelas persoas interesadas en participar nesta actividade deben poñerse en contacto co técnico municipal de Deportes, Mauro Noguero, a través do número 981505826.

Potenciar o sendeirismo

Esta actividade enmárcase na promoción que fai o Concello das actividades saudables e ó aire libre, que tentan ser un

aliciente para a proxección e desenvolvemente turístico de Toques.

De feito, editáronse unha serie de folletos baixo o epígrafe 'Toques, un carreiro na vida' que explican pormenorizadamente oito roteiros que levan a percorrer a maior parte dos lugares máis característicos do municipio, entre os que tamén se atopan o Coto do Pilar, o Marco, a Ponte da Pedra, o Monte Picón ou o Foxo do Cabrito.

Veciños de Santiso reuniranse o día 5 de agosto para tratar a situación da estrada a Melide

Pasado máis dun mes, marxe acordado na anterior reunión para o desbloqueo do expediente da estrada Visantoña-Melide, os veciños afectados volveranse reunir o 5 de agosto para determinar medidas de protesta ante a falta de avances por parte da Deputación da Coruña -organismo titular do vial- como da Xunta de Galicia.

Á reunión, que se celebrará no local social de Visantoña,

acudirán representantes dos concellos de Melide e Santiso e dos colectivos afectados. Coma en anteriores ocasións, tamén estará presente unha representación da directiva de Asetem-Cca.

En encontros previos, os veciños amosábanse decididos a levar a cabo mobilizacións, tales como unha marcha lenta pola propia estrada, ó ver que o agardado arranxo se retrasa constantemente.

Furelos estrea o seu museo co obxectivo de “facer parar” a milleiros de peregrinos

Conta cunha mostra de artigos de labranza e produtos típicos da comarca

Permite coñecer a importancia que tivo a aldea melidense na época medieval



O forno conserva varias pedras orixinais

Nunha data especial, o 25 de xullo, a Casa-Museo de Furelos abriu as súas portas para amosar a peregrinos e visitantes un anaco da historia da parroquia, da súa relación co Camiño de Santiago e das actividades típicas do rural galego. Acondicionada polo director do Museo Terra de Melide, Xosé Manuel Broz, con fondos do propio museo, a vivenda supón unha fiestra ó pasado, coas tradicións que xa morreron, e ó presente, coas actividades que perduran. “O obxectivo é que os peregrinos fagan unha parada, para coñecer a fondo a historia de Melide e o que conservamos na actualidade”, explica Broz.

Nun espazo que invita á ob-

servación pausada, concéntranse obxectos usados antigamente na labranza, como os xugos, angazos ou cestos, ou utensilios da malla. Outro recuncho está adicado ó liño, con varios tipos de rastreiros, rocas e sarillos.

Mais unha das zonas que máis chama a atención é a do forno, que foi restaurando conservando varias pedras orixinais, onde hai obxectos e fotografías relacionadas co mundo do pan e os doces.

O río Furelos tamén ten un papel destacado, cunha mostra de fotografías e artigos relacionados coa pesca, coma un cesto de troiteiro. Incluso o baño está decorado con fotografías do río que repasan o

seu transcorrer pola zona, dende o seu nacemento en Brañas (Toques) ata o seu encontro co Ulla.

A historia da aldea

No novo museo, pódese comprobar que Furelos viviu un momento de esplendor na época medieval, coa familia Varela das Seixas, que tiñan un pazo á beira da igrexa. Parte desta historia é descoñecida para moitos melidenses, que tamén poderán observar fotos do Furelos antigo, cando as rúas eran carreiros de lama polas que só pasaban carros.

Furelos tivo unha fábrica de curtidos, unha telleira e varias pontes que non chegaron ata os nosos días.



Recuncho adicado á elaboración do queixo



Fotografías sobre o Camiño ó seu paso por Melide

A Sinfónica de Melide regresa ós escenarios

Coa xira ‘Antoloxía da Zarzuela’, a Orquestra Sinfónica de Melide volverá subirse ós escenarios baixo a dirección de Fernando Vázquez Arias.

A formación musical ofrecerá tres concertos no mes de agosto en distintas vilas galegas nos que estará acompañada pola Coral Polifónica O Eco de A Coruña, pola soprano Susana de Lorenzo e polo barítono Miguel Rivas.

A primeira actuación será en Sanxenxo, o 11 de agosto. Tres

días despois visitará o concello veciño de Palas de Rei e o día 15 rematará a xira en Ribeira.

Os músicos interpretarán varios fragmentos de obras destacadas no ámbito da zarzuela, e sobradamente coñecidas entre o público das bandas, como son El Barberillo de Lavapies, Luisa Fernanda, La Rosa del Azafrán, La del Soto del Parral ou La Gran Vía, segundo avanza o programa da xira, financiada pola Xunta de Galicia.



***canxeable en XÍCA ou MUXÍCA**

***en compras superiores a 30 euros**

***salvo productos en promoción**

***válido ata o 15 de Setembro**

E ó séptimo día, San Roque descansará

Este ano haberá seis días de festa, un máis que de costume

Cun programa centrado nas actuacións musicais chegan as festas grandes de Melide, que este ano terán unha duración de seis días, un máis do habitual, ó reclamar o colectivo de hostaleiros que fora incluído un sábado nas celebracións. “Que se inclúa un sábado, parécenos positivo para todo o pobo”, indicou Socorro Cea sobre esta cuestión.

O día grande, en canto á verbena nocturna se refire, será o xoves 19, coas actuacións das orquestras París de Noia e Panorama. O Concello segue a estratexia utilizada nos últimos anos para “dar un incentivo ó público nun día que podería ser máis frouxo”, explica Cea. Fóra das orquestras, as bandas de música e os grupos de música tradicional

serán os que animen a festa cada día.

O programa inclúe moitas actividades para os máis pequenos da familia, entre as que haberá un desfile de xigantes e cabezudos, conta contos ou xogos populares. O Día do Neno será o mércores. A partir das 17.00 horas no Pazo de Congresos, os rapaces poderán practicar tiro con arco, escalada no rocódromo, desprazarse na tirolina ou adentrarse nun labirinto.

Recadación

Dende hai varios días, un grupo de persoas percorre os negocios da vila para obter financiación para as festas. Segundo explica unha das encargadas do petitorio, “a xente está respondendo bastante ben. Hai quen non dá o que daba outros anos, pero ninguén se nega a aportar fondos”. Os ingresos polo libro da festa, as taxas das barracas e a recadación popular sumaranse á aportación do Concello para pagar os festexos.

Melide'10 SAN ROQUE	
DOMINGO 15 AGOSTO TEATRO CHARAMELA DE MELIDE CORAL POLIFÓNICA DE MELIDE CHARANGA OS AMIGOS DE VISANTOÑA	LUNS 16 AGOSTO GRUPO DE GAITAS AXÓUXERE DE MELIDE CORAL POLIFÓNICA DE VISANTOÑA BANDA DE MÚSICA DE VISANTOÑA GRUPO POLACO KUJAWY ORQUESTRA VENEZIA GRUPO SAMBA
MARTES 17 AGOSTO GRUPO DE GAITAS E BAILE A MARISTELA GRUPO AGARIMOS DE BADALONA BANDA DE MÚSICA DE VALGA ORQUESTRA MONTES MADEIRA	MÉRCORES 18 AGOSTO GRUPO DE GAITAS FROITO NOVO BANDA DE MÚSICA DE CALO (TEO) ORQUESTRA FANIA BLANCO SHOW ORQUESTRA GRAN CANARIA
XOVES 19 AGOSTO GRUPO DE GAITAS HERBA GRILEIRA FOLK BANDA DA BALBINA BANDA DE MÚSICA DE ARCA ORQUESTRA PARÍS DE NOIA ORQUESTRA PANORAMA	VENRES 20 AGOSTO GRUPO DE GAITAS OS MELIDAO BANDA DE MÚSICA DE LALÍN ORQUESTRA GRAN PARADA GRUPO TRIUNFO <i>Espectáculos</i> ANGEL SEOANE MELIDE - MONTERROSO - Tfno. móbil: 617 38 48 60
SÁBADO 21 AGOSTO OS CHARANGOS DE NEDA ORQUESTRA FORMULA ORQUESTRA CABARET	

Cartel das festas de San Roque 2010

A campaña ‘Libre de alcol’ alertará sobre os prexuízos de consumilo

Evitar a mestura de alcol e condución, fomentando o uso do condutor alternativo e dos servizos de transporte público nocturno, coma o Noitebús, é o obxectivo da campaña ‘Libre de alcol, libre de preocupacións’ organizada pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

A campaña chegará a Melide o vindeiro 15 de agosto, víspera do comezo das festas de San Roque, onde varios monitores do programa informarán na zona de ocio nocturno dos perigos do alcol ó volante.

Deixarán información sobre esta iniciativa en cada coche aparcado na localidade. Ademais, os menores de 35 anos poderán facer unha proba de alcolemia que, en caso de dar taxa cero, poderán participar no sorteo de cen cursos de condución segura que se celebrarán no circuíto de Forcarei.

A Terra de Melide en festas. Agosto 2010

Venres 6

-San Salvador (Melide): misa solemne ás 13.00, sesión vermú coa orquestra Venezia e verbena con Venezia e Montes. Ás 19.00 partido de solteiros contra casados.
-Merlán (Palas de Rei): misa solemne ás 13.30; sesión vermú e verbena coa orquestra Nova Imperial.

Sábado 7

-San Salvador (Melide): misa solemne ás 13.00h, procesión cos Gaiteiros da Ponte e sesión vermú coa orquestra Manila. Ás 19.00 partido de solteiros contra casados.
-Pousada (Sobrado): misa solemne ás 13.00, sesión vermú co Grupo Mimo.
-Festa dos Botes (Arzúa): a partir das 22.00 actuacións de Def con Dos, Miguel Costas e Alteración del Orden.
-San Mamed do Carballal (Palas de Rei): misa solemne ás 13.00; sesión vermú co trío Compás e verbena con Compás e Charanga Roxedoiro.

Domingo 8

-Paradela (Toques): Festa do Río nas Barxas. Misa solemne ás 14.15. Grupo de gaitas O Balado, Charanga Ruada. A partir das 22.00 actuación do dúo Blamur.
-Pousada (Sobrado): misa solemne ás 13.00; se-

sión vermú e verbena coas orquestras Madeira e Marbella.

-Ramil (Agolada): misa solemne ás 13.00, vermú coa orquestra Venezia e o Dúo Merixell.
-San Mamed de Carballal (Palas de Rei): misa solemne ás 13.00; sesión vermú co dúo Muralla e verbena con Muralla e o grupo de gaitas Axóuxere de Melide.

Martes 10

-Maceda (Melide): orquestras Venezia e Fania Blanco Show.

Domingo 15

-Barazón, Chorén (Santiso): misa solemne ás 13.00; sesión vermú con Capicornio Ébano.
-Rendal (Arzúa): misa solemne ás 13.30; sesión vermú co grupo Zeltia

Luns 16

-Barazón, Chorén (Santiso): misa solemne ás 13.00; sesión vermú cos gaiteiros Airiños da Ponte.
-Rendal (Arzúa): misa solemne ás 13.30; verbena con Capicornio Ébano.

Xoves 19

-Melide: Verbena coas orquestras París de Noia e Panorama.

Sábado 21

-A Cornella (Santiso): orquestra Imperial.
-Beigondo (Santiso): Festa da Amizade (entradas á venda en Mesón Visantoña e Bar A Lareira). Actuacións de Fol da Chousa, Máster e Charanga o Recobio.
-Vilantime (Arzúa): San Queremos. Actuacións de Bico da Balouta, Máster, Caramelo e Glamour. A partir das 16.00 concursos de arrebolamento de sacho, tiro de carro e carreiras de sacos.

Martes 24

-Nogueira (Sobrado): sesión vermú e verbena coa orquestra Xente Nova e Dúo Capicornio

Sábado 28

-Visantoña (Santiso): Gran Parada e Sintonía de Vigo
-Carelle (Sobrado): misa solemne ás 13.30. Sesión vermú e verbena coa orquestra Odisea

Domingo 29

-Visantoña (Santiso): París de Noia e Olympus
-Carelle (Sobrado): misa solemne ás 13.30. Sesión vermú e verbena coa orquestra Salsa Rosa. Fogos de artificio.

Os mellores cortadores de xamón amosaron a súa destreza en Melide

O certame foi organizado por Distribucións O Carrizo

Só uns gramos de diferenza na proba de peso foron decisivos para que o xurado do I Concurso de Cortadores de Xamón 'Alongos' celebrado o pasado 29 de xullo, outorgara a vitoria a José Manuel Míguez, da Bodeguilla de San Lázaro (Santiago).

O evento, organizado por Distribucións O Carrizo en colaboración co Club Profesional de Cortadores de Xamón de Galicia no Mesón-Pulpería Alongos II reuniu a numeroso público interesado nesta actividade e que puido degustar o produto.

Ó concurso presentáronse Raúl García Barriga, de Ourense -gañador do campeonato de Ourense e 6º no campeonato de España do 2010-; Carlos Lorenzo, de Pontevedra -5º clasificado no campeonato nacional deste ano-; Emilio Calo, da Bodeguilla del Huerto (Santa Cristina, A Coruña) -campeón galego no 2008- e José Manuel Míguez, campeón galego do 2009.

Despois de limpar cadanseu xamón de bellota, os participantes tiveron que presentar un prato decorativo e unha ración de 100 gramos en 20 minutos. Só Raúl García e José Manuel Míguez pasaron á final, na que tiveron que preparar dous pratos decorativos e dúas racións, sen ter límite de tempo.

Segundo explicou o coordinador do evento e membro do xurado, Nacho Costoya -actual campeón de España de me-



De esquerda a dereita: Míguez, García, Calo, Costoya e Lorenzo

tres-xefes de sala- os concursantes "estiveron moi iguais. A valoración foi moi complicada, polo que foi o peso o criterio decisivo para o veredicto final".

Ademais deste aspecto, os membros do xurado -Luis Amil, cortador do Hotel Finisterre da Coruña; Ignacio González, copropietario da Casa Grande de Nadela, en Lugo e Santos López, edil do PP de Melide e vogal da Cámara de Comercio de Santiago- valoraron o grosor e tamaño das lonchas, a rectitude do corte, a rapidez e axilidade no traballo, a limpeza e o estilo e vestimenta do cortador.

O gañador foi agasallado cunha reprodución en miniatura da Fonte dos Catro Caños de Melide, así como tamén o resto de concursantes, e cunha peza de cristal tallado. Míguez

asegurou que "gañar este concurso é un aliciente para aspirar ó campeonato estatal".

Á vista do éxito do evento, o responsable do Alongos II e Distribucións O Carrizo, Manuel Pérez, amósase partidario de seguilo organizando en próximos anos.

Bo nivel en Galicia

O coordinador do concurso, que en todo momento explicou ó público como se ía desenvolvendo éste, asegurou que esta actividade ten "cada vez máis futuro en Galicia, onde o nivel dos cortadores é máis elevado ano tras ano".

Non obstante, coincidiu con Ignacio González, en que "aínda queda moito camiño por andar", porque os grandes mestres cortadores son extremeños e andaluces, onde hai unha longa tradición.

As palilleiras locais preparan un encontro para o 3 de outubro

Sortearanse varios agasallos financiados por Asetem-Cca



Na xuntanza pode participar calquera afeccionado

As palilleiras da Asociación de Mulleres Catasol traballan na organización do I Encontro de Encaixe de Bolillos e Labores Artesanais de Melide. Buscan celebrar unha xuntanza á que asistan todas aquelas persoas vencelladas con esta actividade artesanal e, ó mesmo tempo, despertar o interese no público xeral.

Mariví Rodríguez, unha das organizadoras, explica que "isto non ten unha finalidade meramente comercial. É para compartir unha experiencia entre as persoas que nos adicamos a palillar". De tódolos xeitos, estarán presentes diferentes casas que venden todo tipo de artigos relacionados co mundo do encaixe, como poden ser os propios bolillos, fío, estruturas de madeira ou metálicas para confeccionar determinados adornos...

A iniciativa xurdiu hai pouco tempo, despois dunha visita que fixeron a un encontro similar celebrado en Sarria (Lugo). "Chamounos a atención, e decidimos organizalo porque en Melide nunca se fixo nada igual", explica Mariví, que palilla dende hai uns dez anos.

A xuntanza comezará ás 10.00 horas do domingo 3 de outubro. Dependendo do número de asistentes, celebrarase na Praza do Convento ou no Pazo de Congresos, aínda que esta última ubicación é a máis axeitada en previsión das ines-

tables condicións meteorolóxicas desa época do ano.

Promoción

As palilleiras están mantendo contactos con outras asociacións de mulleres onde tamén se imparten aulas de bolillos. Ademais, están visitando a colectivos que xa organizaron algunha xuntanza semellante para coñecer a súa experiencia, en vilas como Milladoiro ou Cambados.

Actualmente xa contan coa confirmación de medio cento de persoas, que se achegarán dende Taboada, Monterroso, Palas de Rei ou Agolada. Rodríguez subraia que o encontro non vai dirixido a profesionais, polo que pode participar calquera persoa que teña unhas nocións básicas desta actividade artesanal.

Os interesados poden poñerse en contacto coa organización a través da dirección marivirc@hotmail.com ou dos números 699117830 e 981505055.

Sorteo de regalos

Os participantes no encontro entrarán no sorteo de varios regalos mercados en varios establecementos comerciais da vila e cuxa financiación corre a cargo da Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca). Entre os agasallos haberá bolsos, reloxos, xogos de té, carteiras e xarróns, entre outros artigos.



- Carne de buey
- Ternera Gallega
- Lechazo Castellano
- Quesos Arzúa-Ulloa
- Embutidos y jamones gallegos
- Carnes, embutidos y jamones ibéricos

Tel.: 615 360 089
Avda. de Lugo, 83
15800 MELIDE (A Coruña)
carrizodistribuciones@gmail.com

Nove librarías participan na III Feira do Libro no Camiño

O cantón de San Roque acollerá un intenso programa de actividades

Por terceiro ano consecutivo, Melide celebrará a Feira do Libro no Camiño de Santiago durante a primeira fin de semana de agosto. Este ano serán nove as librarías que participarán no evento e que expoñerán centos de volumes nas casetas ubicadas no cantón de San Roque, en horario de 11.00 a 14.00 e de 17.00 a 21.30 horas. Estarán as librerías locais Parrado e Victorio, xunto con outras sete, procedentes de distintos puntos da xeografía galega, como Pedreira e L de Santiago, Como unha novela de Laracha, A Nova e Zampacontos de Ourense, Braña de Carballo e Alicomic -especializada en cómic- da Coruña.

A actividade comercial estará complementada cun intenso programa de actividades que inclúe presentacións de libros, conferencias ou obradoiros para os máis pequenos.

O pistoletazo de saída será o próximo sábado 7 ás 11 da mañá, cando quedará inaugurada a feira. Media hora máis tarde haberá un obradoiro de plástica dirixido por Ánxeles Penas García e ás 12.00 será o momento do pregón, que este ano estará cargado de simbolismo. O encargado da inaugu-



As librarías ofrecerán descontos e promocións

ración oficial da feira será Uxío Novoneyra Rei, fillo do ilustre 'poeta do Courel', ó que este ano se lle adicou o Día das Letras Galegas.

O escritor Xavier Alcalá -autor de reñecidas obras como 'A nosa cinza'- pronunciará unha conferencia titulada 'Viaxes, crónicas e novelas', a partir das 13.00 horas.

Xa pola tarde, os cativos poderán gozar da actuación dos coñecidos Bolechas, a cargo da compañía Caramuxo Teatro, programada para as 18.00. Tamén haberá tempo para a presentación da obra 'Os nosos nomes. Glosario de antroponimia galega', da autoría de Joaquín Vázquez, ás 19.30.

Segunda xornada

As actividades programadas para o domingo comezarán cun obradoiro de construción de monicreques coordinado por Babaluva Teatro, ó inicio

da feira, para deixar paso á sinatura de libros a cargo do escritor e xornalista arzúan Pablo García Martínez. Os actos continuarán coa conferencia 'Xosé María Álvarez Blázquez: a paixón das orixes' a cargo de Pepe Cáccamo.

A partir das 17.00 presentárase o libro 'Antonte na miña aldea' do escritor toquense, Sergio Villamor e ás 19.30 o autor de orixe melidense Xosé Vázquez Pintor falará da súa obra 'Máis vidas', acompañado da cantareira Begoña Lorense e do músico Iago Mouriño.

Entre as dúas actividades, o público poderá contemplar a posta escea da obra teatral Varietés, coa compañía Seisdedos.

Sorteos de libros

Os visitantes poderán entrar nos sorteos de libros que se celebrarán tanto o sábado coma o domingo ás 21.15 horas.

Charamela reunirá a mozos e maiores no 'Abrazo das idades'

Haberá exposicións de xoguetes e libros para amosar a súa evolución



'O abrado das idades'. Baixotan suxerente epígrafe, a Asociación Cultural Charamela de Melide celebrará o I Encontro Interxeracional Terra de Melide o próximo 21 de agosto. Nos últimos días, a organización perfila o programa de actos, con actividades nas que se poñerá de manifesto a relación entre mozos e maiores, entre o antigo e o moderno.

Pola mañá, todos aqueles que se acheguen á Praza do Convento poderán participar en xogos populares, actividade organizada en colaboración coa Asociación Galega de Xogo Popular e Tradicional. Ademais, haberá exposicións de libros e xoguetes -nas que colabora a Asociación Cultural Terra de Melide-, que amosarán a evolución destes artigos co paso dos anos. A mostra de libros estará no antigo museo

Terra de Melide e a de xoguetes na capela de San Antonio, segundo explicou a presidenta de Charamela, Mari Gómez.

O grupo melidense Axóuxere ofrecerá un pasarrúas pola mañá, e xa pola tarde, a asociación está reunindo a un grupo de persoas -mozos e maiores- ligados coa música para que ofrezan un concerto.

Farase entrega dos premios do certame literario convocado para a ocasión, no que "se animaron a participar moitos maiores, sobre todo", comenta Mari Gómez.

O broche final a esta xornada de convivencia poñerá a actuación do grupo de teatro Charamela, que poñerá en escea a obra 'Dous vellos e unha soa soidade' de Xosé Manuel Carballo e Marica Campo, na que actúan dous adultos e seis nenos.



Cerne

Cinco anos
facendo información
dende e para a
Terra de Melide

ASETEM

O II Ralli Histórico Camiño de Santiago quenta motores

Puntuará para a Copa de España de velocidade

A II edición do Rali de Galicia Histórico - Camiño de Santiago celebrarase os próximos 17 e 18 de setembro na comarca de Melide. Nesta ocasión, a proba será puntuable para a Copa de España de ralis de velocidade e para o Trofeo de España de ralis de regularidade, o que supón “un gran aliciente para os pilotos”, tal e como explica o secretario da escudería Melide Motor Sport -organizadora da carreira-, Javier Anido.

A proba comezará cunha das novidades desta edición, un “tramo espectáculo” que discurrirá por varias rúas do casco urbano melidense e que se celebrará na primeira xornada a partir das 20.00 horas. Os pilotos farán dúas pasadas por un percorrido de dous quilómetros de longo.

O día seguinte, os pilotos competirán en catro tramos -que percorren os catro concellos da comarca- a dúas pasadas cada un. As probas comezarán ás 08.00 horas, para rematar xa pola tarde. Ademais, volverán a circular dúas veces polo tramo urbano. Anido avanzou que os percorridos serán “practicamente iguais” que na edición do ano pasado. En total, os participantes farán uns 170 quilómetros, dos que 90 corresponderán ás probas cronometradas.

En Melide MotorSport amósanse confiados en que se



Os organizadores agardan a participación duns 60 pilotos

superen os 40 pilotos inscritos o ano pasado. “Traballamos unha previsión de 60 participantes”, indica Anido.

O de Melide é o único rali en territorio galego computable para o campionato estatal. A el súmanse outros en Avilés, Cantabria, Madrid, Costa Brava, Cuenca ou País Vasco e Navarra. Neste senso, o secretario da escudería organizadora destaca que “é unha proba única en Galicia, que pon a Melide ó nivel doutras cidades de todo o Estado que son moito máis grandes”.

Festa do rali

Ante os problemas para finan-

ciar o evento, os organizadores decidiron facer unha festa para recadar fondos. Será o venres 6 de agosto, no Campo da Feira de Melide. Dende as 17.00 horas o público poderá ver a exposición de coches clásicos e de competición. Despois será a presentación oficial do rali e a partir das 21.00 os pilotos demostrarán as súas habilidades nun circuíto que se instalará no lugar. Haberá unha cea, cuxas entradas se poden mercar nos bares Cristal, MJ, Marta e Trasno de Melide a un prezo de 20 euros. E a partir das 23 horas haberá a Festa Racing coa discoteca móbil La Gramola e sorteos.

A elite do fútbol sala galego e nacional visitará Melide

16 clubs competirán en 12 partidos

Haberá cursos de monitor e árbitro

Os mellores equipos do fútbol sala autonómico e nacional competirán en Melide na ‘Semana Eypar de fútbol sala’, que se celebrará do 14 ao 21 de agosto, coincidindo coas festas de San Roque. Haberá cinco equipos da división de honra -Azkar Lugo, Autos Lobelle de Santiago, Marfil Santa Coloma, Carnicer Fiat-Torrejón e Reale Cartagena- e un da división de prata, o Burela.

Tamén participarán o Mera, o Noia, o Concello de Trabada, o Ventorrillo Caixanova, o Ribeira e o anfitrión, o Melide Fútbol Sala.

Haberá tempo para o fútbol feminino, da man do Cidade das Burgas, o Burela Feminino, o Sobrado Xuventude e a Selección Terra de Melide.

Calendario de partidos

Haberá doce partidos de exhibición, que se celebrarán do 14 ao 19 de agosto, no pavillón municipal, en dúas quendas, ás 18.00 e ás 20.00 horas.

O sábado 14 darán o pistoletazo de saída o Carnicer Fiat-Torrejón e o Azkar Lugo, e seguidamente xogarán o Autos Lobelle e o equipo local. O domingo é o día do fútbol feminino. Primeiro será o turno da selección feminina comarcal contra o Sobrado Xuventude, e despois do Burela Feminino contra o Cidade das Burgas de Ourense.

O luns 16 comezarán o Mera e o Ventorrillo e o Reale Car-

tagena xogarán na última sesión. Este último equipo enfrontarase ó Noia ó día seguinte e despois farano o Burela e o Marfil.

O partido estrela da ‘Semana Eypar’ será o mércores 18, co enfrontamento entre o Azkar Lugo e o Autos Lobelle de Santiago, que se celebrará ás 20.00. Antes xogarán o Ventorrillo contra o Ribeira.

O peche poñerán os enfrontamentos do Burela co Concello de Trabada e o do Marfil contra o Reale Cartagena.

O custo da entrada por xornada é de 3 euros, mentres que se se adquire o bono para tódolos partidos o prezo é de 12 euros. Véndense no pavillón municipal, no Lar, Cafetería Pinocho e Solaina.

Actividades paralelas

Aínda que o prato forte son os partidos, a ‘Semana Eypar’ ofrece actividades complementarias dirixidas ás persoas que estean interesadas en adquirir máis coñecementos sobre o fútbol sala. Abordaranse as novas tendencias técnico-tácticas do fútbol sala, haberá cursos formativos para monitores e árbitros e un campus para rapaces. É necesario inscribirse nestas actividades.

Poden consultar toda a información relacionada con este evento na páxina www.melidefutbolsala.blogspot.com.

**ASETEM-CCA agasalla
ós seus socios cunha
memoria USB gratis**

Infórmate no 981506188

COUSAS NOVAS

Nova tenda con 2 plantas de exposición na Rúa do Convento nº30
Encóntranos tamén na Rosaleda nº 7

ESPECIAL XACOBEO 2010

Os peregrinos estean en Melide o albergue máis moderno do Camiño

É o edificio con maior capacidade na ruta francesa



Varios peregrinos ás portas do renovado albergue

Na semana de máis afluencia de peregrinos do que vai de ano, o renovado albergue de Melide pasou a súa proba de lume. A instalación abriu as súas portas o pasado 20 de xullo, dous meses despois do que tiña previsto inicialmente a Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo. Esta demora debeuse á falta de mobiliario. Pero o retraso pagou a pena, ou ó menos eso é o que pensaron os camiñantes que estrearon as novas instalacións. “Es el albergue más moderno que he encontrado hasta ahora”, aseguraba o día

da apertura Sandra García, unha peregrina chegada de Madrid. A maioría de camiñantes que pasaron noite no refuxio melidense concordan con esta opinión.

Pero ademais de ser o máis moderno é o máis grande do Camiño Francés na comunidade. Conta con 169 prazas, que na época estival se quedan escasas para albergar á inxente cantidade de camiñantes que pernoctan en Melide.

590.000 de inversión

O Xacobeo investiu uns 590.000 euros na actuación,

que estivo centrada na habilitación de baños na planta baixa do edificio e na redistribución do primeiro andar. No canto de habitacións separadas, agora hai un gran dormitorio múltiple que conta con catro aseos para uso nocturno. Atendendo á lexislación, tamén se construíu na parte baixa un dormitorio e un aseo adaptado a persoas con discapacidade ou para camiñantes de máis idade.

Atrás queda o antigo edificio, que se construíra hai agora 17 anos, con motivo do Xacobeo 93.

Avalancha de camiñantes na semana do 25 de xullo

As ansias de chegar a Compostela nos días previos á celebración da festividade do Apóstolo empuxaron a miles de peregrinos a botarse ó Camiño, que ateigaron a ruta francesa na semana do 10 ao 25 de xullo.

En Melide, coincidiu coa estrea do renovado albergue, que xunto co instalado provisionalmente no Pazo de Congresos e as prazas habilitadas no mesmo recinto, recibiron a visita dunha media de 800 peregrinos diarios, segundo os datos provisionais que manexa o Xacobeo.

O días de máis afluencia foron o mércores e o xoves, con case 900 camiñantes, que

viaxaban co tempo xusto para chegar a Santiago na véspera do día grande.

De tódolos xeitos, estes datos quédanse curtos ó contabilizar só ás persoas que durmen en instalacións públicas, polo que a cifra é máis elevada ó ter en conta os que optan por pernoctar en hoteis, pensións ou albergues privados. En Melide, os establecementos deste tipo colgaron o cartel de completo ó longo de toda a semana.

Pese ao ambiente de cordialidade que hai no Camiño, nalguns albergues viviuse certa tensión debido á falta prazas suficientes para acoller a tódolos peregrinos.

As farmacias darán consellos sobre hábitos saudables para facer a ruta con éxito

As farmacias das provincias da Coruña e Lugo situadas ao longo do Camiño de Santiago ofrecerán ata final de ano consellos sanitarios aos peregrinos para fomentar hábitos saudables. Nestes establecementos repartiranse folletos nos que se reúnen as recomendacións básicas para rematar a ruta sen sufrir ningún problema de saúde.

Ademais de abordar as características da roupa e calzado axeitados para camiñar, recál-

case a necesidade de fotoprotección -corporal e ocular-, cómo evitar golpes de calor, a conveniencia de beber con frecuencia e consellos para tratar as ampolas, entre outros.

No caso do Colexio de Farmacéuticos de A Coruña a iniciativa complétase coa edición dun vocabulario básico sanitario que se distribuíu aos farmacéuticos en catro idiomas, co fin de dar un mellor servizo a peregrinos doutras nacionalidades.

ESPAÑA
ALEMANIA
FRANCIA



SIERRA

TRANSPORTE DE VEHÍCULOS NACIONAL E INTERNACIONAL

Manuel Vázquez García

Tfno./Fax: 981 50 79 10

Móviles: 610 52 34 50 / 51

www.transierra.es

manuel@transierra.es

Parque Emp. La Madanela, nave 79

15800 MELIDE (A Coruña)

ITALIA
PORTUGAL
AUSTRIA

**CAL É O TEU
RECUNCHO FAVORITO
DOS CAMIÑOS DE
SANTIAGO
NA COMARCA?**

**Envíanos unha foto
e un comentario a**

info@asetem.com

Tempo de festa

Santiago Prado Conde (Chago),
antropólogo



Dicíame un bo amigo que unha vez rematada a época da Pascua de Resurrección comezaba un novo calendario festivo no ciclo anual. Sen embargo, no noso particular calendario do cerne do país, o mes de agosto é, na época contemporánea, o mes das festas. Quizais non sexa o mes no que máis festas hai de todo o ano e outros meses teñen días intensos de celebración, pero si é o mes no que máis persoas están de festa -incluso os que traballan-, ben porque gocen de vacacións, ben porque existan festas en *stricto senso* ou ben porque fomos creando un imaxinario no que o mes enteiro é unha festa en si mesmo.

Sen embargo, se lle tivéssemos que contar a un foráneo que é para nós unha festa a bo seguro que teríamos dificultades para concretar, e o abano tan grande de respostas que materializaríamos probablemente xeraría unha maior confusión no estranxeiro imaxinario. Polo tanto, tratarei nesta breve contribución, de achegar reflexións sobre cales son os significados que podemos atribuír á festa.

Ao referirnos á festa é preciso diferenciar entre ésta e acto festivo e celebración. A diferenza, moi resumidamente, é que, por exemplo, un bautizo, un festival escolar, un aniversario de anos... son momentos que se restrinxen ao

ámbito da individualidade, da familia ou do persoal. A festa fai referencia ao ámbito do colectivo e ten sempre tres compoñentes que a diferencian. O primeiro deles é a transcendencia da idea de tempo, é dicir, a festa é a ruptura co tempo cotiá reservado ao traballo e aparecen nela aspectos como a comensabilidade, a socialización e a sociabilidade. A festa como oposición á vida cotiá, como un tempo fóra do tempo, pódese interpretar como unha activación da cohesión grupal, como o reforzamento ou a transgresión da orde social, como a manifestación identitaria dun grupo, como organizadora do tempo social e un longo etcétera.

O segundo deles é a materialización nun espazo que se reconverte para a ocasión, que se “viste” coas mellores galas, que pode xerar cambios e significados ben distintos dos de todo o ano. Por último, a festa permítenos entender o cambio social, a pesares de que se trata de reproducir ano tras ano rituais semellantes, os significados atribuídos polas persoas e, sobre todo, as pautas de comportamento dos protagonistas van cambiando.

Quizais na memoria colectiva quede a idea que a pesar de transcorrer o tempo fanse as cousas como antes, unha situación que pode deberse a que unha das funcións da festa

é a afirmación da identidade, e tendemos a pensar ésta como monolítica e homoxénea e non o facemos en termos de cambio, pluralidade e diversidade ou, sinxelamente, porque mudaron os referentes.

Polo tanto, cando referimos á festa estámolo facendo a unha manifestación sociocultural que implica varias dimensións -política, social, económica, cultural...- en relación á comunidade que a realiza.

O significado e concepción do que é unha festa calquera varía segundo as características da propia comunidade, tales como: grupos de idade, clases sociais, sistema de sexo/xénero, sistema económico local... Ás respostas diversas do que é a festa en xeral atopamos que a festa en particular tamén amosa a propia diversidade intragrupal.

A festa, en definitiva, serve para amosar, tanto aos veciños como aos foráneos, que neste tempo non hai lugar para a escaseza, para a pobreza..., é dicir, ráchanse os límites impostos durante un longo tempo anual para ofrecer o mellor e pretender mostrar certos ideais imposibles de materializar na realidade cotiá.

Xa que corren tempos de festas, só me queda desexar boas festas a veciños e forasteiros.

Oda a San Roque e ó pobo de Melide

Tradución e adaptación á vila de Melide por
Xosé Núñez López

Sendo o único herdeiro
do conde de Montpelier
despreciaches a riqueza;
e só foi por padecer.

Como Dios probarte quere
e coroarte promete
unha febre te acomete,
e unha saeta te fere.

Ti es médico divino
de prodixiosas sinais
libra a Melide dos males
Roque Santo Peregrino.

Ti es médico divino
de prodixiosas sinais
libra a Melide dos males
Roque Santo Peregrino.

Señorío de nobre berce
doche en Montpelier o ceo,
pero ti con tanto celo
despreciaches todo aquilo.

Esquecido xa das xentes
só nun monte vives ti
un can de pan te socorre
mentres ti sufres así.

Ti es médico divino
de prodixiosas sinais
libra a Melide dos males
Roque Santo Peregrino.

Ti es médico divino
de prodixiosas sinais
libra a Melide dos males
Roque Santo Peregrino.

En toda Italia atopaches
a nazón triste e turbada,
por iso ó ceo lle pediches
e o instante quedou sana.

Voltaches á túa terra
e ninguén te coñecía,
teu tío xúlgate espía
e na cadea te encerra.

Ti es médico divino
de prodixiosas sinais
libra a Melide dos males
Roque Santo Peregrino.

Ti es médico divino
de prodixiosas sinais
libra a Melide dos males
Roque Santo Peregrino.

San Roque, Melide pide
que te acordes desta vila,
sementa nela o amor
e as nosas casas bendice.

San Cristóbal

Lois Praderas

O pasado mes de xullo celebrouse a festividade de San Cristóbal, patrón dos condutores. Vaia dende estas liñas a nosa máis cariñosa e sincera felicitación para todos eles, pedíndolles que en todo momento sexan moi prudentes ó conducir polas estradas de calquera recuncho de Galicia, de España e de Europa.

En homenaxe a todos eles e, a grandes trazos, comentarei parte da historia do transporte de Melide.

Hai anos, levar ou traer mercadorías da Coruña, Curtis, chegar a Santiago e desprazarse a Lugo era todo un acontecemento, como para os recén casados, que por non chegar a tempo para coller o tren tiñan que quedar nunha fonda en Curtis ata o día seguinte.

Co paso dos anos todo foi cambiando e mellorando. Hoxe temos boas estradas e

comunicacións. Na actualidade, Melide conta con servizo de taxis, autocares e unha gran flota de camións, que tódolos días están circulando e levan a Melide por tódalas rutas de España e parte de Europa.

Facendo memoria e preguntando aos nosos maiores, recordamos ás primeiras empresas adicadas ó transporte. Entre elas estaban o Galyolo, a Unión-Mellidense -que facía viaxes á estación ferroviaria de Curtis-, ou Trenceiro, que foi comprada pola que hoxe é Autos Puntero.

Os coches adicados ó transporte de viaxeiros solían levar un rótulo que poñía ‘Ferias, fiestas y mercados’. Entre a maioría das persoas que solían asitir ás feiras circulaban os seguintes ditos: ‘Se vas co Trenceiro, trata primeiro’ ou ‘Se vas ca Unión, chegarás ou non’.

O Melide antigo

Xosé Domingos Fuciños



Vista do casco vello de Melide dende a torre da igrexa parroquial, 1955.



Equipo do Cire de Melide, 1972.

Fotografías: Arquivo Irmáns Fuciños Gómez, Casa de Pita.

A troita. Variedades II*

Xavier Pazo Blanco, presidente
da Asociación de Troiteiros 'Río Furelos'

A troita arco iris pode soportar temperaturas máis elevadas e augas de menor calidade que a común. O ritmo de crecemento da troita arco iris é moi rápido cando pode obter o alimento necesario; polo que é o peixe máis criado en viveiros. Nos viveiros de troitas, a troita arco iris pode acadar un peso de 10 a 14 kg en só 4 ou 5 anos de forma espectacular.

A hibridación con outras especies e subespecies de troitas, ademais da produción selectiva en viveiros, ampliou a variación de cores da troita arco iris. A coloración máis común é o dorso azul pardusco, abdomen prateado e branqueño e laterais rosa.

Os corpos dalgunhas variedades están cubertos de manchas, mentres que outros teñen moi poucas ou ningunha e son, na maior parte, prateadas. Igual que a troita común, a arco iris vive gran parte da súa vida no mar e coñécese polo nome de "steel-head".

A troita de fontana ('Salvelinus fontinalis') é orixinaria do noroeste de Norteamérica, pero tamén foi introducida nos EE.UU. e Canadá, así como en Europa. Aínda que o corpo da troita de fontana ten a mesma forma que o da troita común, na realidade está emparentada coa troita alpina.

Como case todos os tipos de troita, a coloración da especie fontana é moi variable, pero a maioría presenta un dorso entre verdoso e marrón, abdomen branco prateado e laterais verde claro con manchas rosas e brancas.

Os pescadores que traballan en viveiros, cruzaron con gran éxito as troitas de fontana macho coas troitas de río femias para producir un híbrido coñecido como troita tigre. Esta nova troita ten cores moi vivos e é un peixe tremendamente voraz.

Os grandes exemplares teñen sempre as mellores posturas, buscan lugares cómodos que lles proporcionen comida e protección, grandes pozos ou presas, lugares profundos, troncos, pedras, grandes raíces etc. Toda precaución pa-

rece pouca para sobrevivir.

A apertura da tempada de pesca da troita desperta a chamada do río no pescador, que por esas datas pon ao día o seu material. Os montaxes utilizados en augas vivas, cauces rápidos e osixenados requiren obviamente cualidades específicas, diferentes de aquelas que se utilizan en ríos de augas lentas, con frecuentes balsas, planchas e moderada corrente.

A troita pode ser pescada con mosca, cilleriña miñoa, spinners...segundo a técnica de cada pescador. Unha vez que pica, deféndese con todas as forzas e salta repetidamente fóra da auga intentando liberarse do anzó.

Está claro que a flotabilidade e visibilidade dos señuelos que utilizemos son fundamentais nestas condicións para poder tentar a pintona.

A troita é o pescado branco máis fresco e natural. ¡Un torrente de sabor con un montón de proteínas! e con 1 caloría por gramo aproximadamente. Temos moitas formas de preparalas e son todas exquisitas nas súas distintas variedades: branca, salmónada, eviscerada, fileteada e grande. Todo un río de posibilidades e sabores que fará as delicias de quen a coma e que se pode disfrutar dende mediados de marzo até mediados de agosto (seis meses) sempre que sexa do río, pois senón temos a opción de mercar as criadas en piscifactoría na pescadería o resto do ano.

¡Non hai troita coma a troita! Un peixe riquísimo que se cría nas puras e cristalinas augas dos nosos ríos, das nosas montañas e que ademais causa gran satisfacción no momento de pillala. É a fonte de saúde que máis alimenta, porque a troita ten un elevado contido en proteínas (20%), vitaminas (A, B, e D) e sales minerais (sodio, potasio, ferro, flúor, iodo, calcio e fósforo), do mesmo xeito que é unha grande inimiga do colesterol e das graxas. Por iso é ideal para alimentar á familia de forma equilibrada. Iso sí, sen sacrificar nada de sabor.

* Continuación do artigo publicado no número 55 de Cerne, pertencente ó mes de xullo de 2010.

**A Asociación de Empresarios
Terra de Melide
Centro Comercial Aberto**

deséxalle... ¡Boas Festas!

Centro Comercial Aberto

ASETEM ASETEM ASETEM

LIÑAS DE AUTOBÚS

-sábado 28: actuación de Pepe Vaamonde Grupo en Souto, Toques.

MELIDE - SANTIAGO
De luns a venres: 6.45, 7.50, 10.15, 11.55, 14.05, 14.40

MELIDE - TOQUES
(Fondevila-Folladela)

Martes e venres laborables:
Saída de Folladela: 8.30
Saída de Melide: 12.30

Domingos, excepto último de mes: Folladela: 8.40
Saída de Melide 13.00

Último domingo de mes:
Saída de Folladela: 8.30
Saída de Melide: 13.00 e 14.00

TELÉFONOS DE INTERESE

SERVIZOS E INSTITUCIÓNS

A.S.E.T.E.M-CCA	981506188
I.E.S. de Melide	981505162
C.E.I.P nº1	981505238
C.E.I.P nº2	981505929
Gardería	981505003
U.A.F. de Melide	981507742

SANTISO

Casa do Concello	981818501
Centro de Saúde	
Agrochao	981517803
Visantoña	981510749
Xulgado de Paz	981 818501

SOBRADO

Casa do Concello	981787508
Desenvolvemento local	981787508
Centro de Saúde	981787744
Mosteiro de Sobrado	981787509
Xulgado de Paz	981787508

TOQUES

Casa do Concello	981505826
Centro de Saúde	981507301
Xulgado de Paz	981505826

JOSÉ MARÍA VALCÁRCEL, XOIERÍA ROVAL

“Aposto por poder ofrecer un abano de artigos e non só ter grandes marcas”

É a cara da segunda xeración da Xoiería Roval, un negocio que abriu as súas portas en Melide hai case tres décadas. Jose leva á fronte da tenda uns 13 anos, aínda que coñece o oficio dende ben pequeno. Ofrecen todo tipo de xoias -en ouro, prata e aceiro-, relojería e artigos de regalo en

prata e cristal. Asegura que as vilas coma Melide “están resistindo mellor a crise” e proba delo é que a súa xoiería rexistrou mellores cifras na primeira metade deste ano ca no primeiro semestre do 2009. “Este é un pobo activo comercialmente, no que a xoiería está bastante ben representada”.

-Colleu o relevo da xoiería no ano 97, pero xa estaba moi ligado ó sector

-Meu pai comezou vendendo nas feiras hai 50 anos e eu de pequeno ía con el. Despois xa puxemos a xoiería e era eu o que grababa e atendía de vez en cando. Levo ligado a este sector toda a vida.

-Levan abertos dende hai 30 anos, polo que xa terán clientela fiel

-Temos moitos clientes fixos, sobre todo que se deixan aconsellar e nos din se os artigos que mercaron funcionaron ben e se gustaron no caso de ser regalos. Ademais, neste sector a xente é máis fiel a un negocio que noutros ámbitos.

-En caso de non ser así devolven o diñeiro

-Sempre damos a opción de cambialo por outra cousa ou devolver os cartos, porque non queremos que merquen algo a contragusto.

-Dende que se fixo cargo del, o negocio non deixou de medrar

-A tenda está funcionando moi ben. Dende o 97 os resultados foron nunha liña ascendente ata chegar ó tope en 2008, que foi o noso mellor ano.

-Están baixando as vendas por mor da crise?

-Non notamos a crise. Só tivemos unha pequena baixada no primeiro semestre de 2009. A primeira metade deste ano xa foi mellor.

-A actividade concéntranse nunhas datas moi concretas

-As vendas nos meses de xullo e agosto poden supoñer un 20 ou 25% de todo o ano. Ademais destas datas son impor-



Jose Valcárcel confía en que Xoiería Roval poida seguir medrando ano tras ano

tantes o Nadal e xaneiro e días sinalados como o dos Namorados, San Xosé ou o Día da Nai.

-As xoias seguen a ser un regalo seguro?

-Absolutamente. Seguen funcionando os típicos regalos para bautizos, comunións e as alianzas para as vodas ou outros detalles para cumpreanos.

-Cambiaron moito as tendencias na xoiería?

-Si, agora o ouro branco está máis de moda que o amarelo. Aquí traballamos moi ben o bicolor, a mestura dos dous tipos. Aínda que todo depende dos gustos de cada persoa. Hainas que antes levaban tódalas xoias de ouro amarelo e agora mercan prata ou ouro branco.

-Nos últimos anos o aceiro fíxose un oco nas xoias

-Evolucionouse moito cara a xoias moi vistosas, sobre todo en prata e aceiro. Agora a xente prefere esas pezas, aínda que son caras. Antes era impensable que alguén gastara 100 euros nun colgante de prata ou aceiro, algo que sucede actualmente.

-Aposta por ter un amplo mostrario de artigos

-Valoro moito máis poder ofrecer un abano de produtos que só ter grandes marcas. Non son marquista, porque as marcas impoñen o seu criterio e as súas condicións. Ó final é o mesmo artigo con distinto envoltorio e isto págase.

-É importante contar con

boos provedores

-É imprescindible unha boa relación proveedor-cliente. Valoro non ser un simple cliente, senón que haxa confianza polas dúas partes.

-Unha confianza que tamén existe co cliente

-Neste sector a confianza e a cercanía cos clientes son moi importantes. Moita xente preguntame a miña opinión e gústame informallos de tódalas posibilidades que teñen.

-A clave está no trato personalizado

-Se se aconsella ó cliente, o tratas ben, es coherente e estás ao día, levar o negocio é moito máis fácil.

-Traballan con dúas casas para os arreglos

“Non notamos a crise. Só houbo unha pequena baixada na primeira metade de 2009”

“A confianza e a cercanía cos clientes son moi importantes, así como unha boa atención”

-Traballamos cun taller para xoiería e outro de relojería. Estamos moi contentos coas dúas, porque fan un bo traballo e levámoslle as pezas con total tranquilidade.

-Ultimamente proliferan os anuncios de compra-venta de ouro

-Hai xente que se está aproveitando da crise para pagar menos do valor real das xoias. Con todo, o ouro é unha boa inversión a medio prazo.

-Como ve o futuro?

-Son optimista en canto a que poidamos seguir medrando. Seguiremos mellorando baseándonos na boa atención e no bo servizo e adaptándonos ó que os clientes demanden. Dentro dun tempo tamén reformaremos a tenda.

Santa María do Leboreiro



É a entrada do Camiño Francés na provincia da Coruña e nas terras de Melide e, como tal, a historia do Leboreiro está intimamente ligada á vía das estrelas.

Despois de superar o alto do Coto, o forasteiro é re-

cibido por un cruceiro que domina unha praciña situada nun cruce de camiños. É a antesala da igrexa de Santa María, que ten como compañeiros ó antigo hospital de peregrinos e ó cabaceiro, que tanto chama a aten-

ción ós camiñantes. O templo parroquial foi incluído este ano nos 'Fitos do Camiño' coma un dos monumentos máis singulares da ruta francesa. O Leboreiro, que debe o seu nome á abundancia de lebres na zona, con-

serva unha das pontes máis enxebres do municipio. Datada no século XIV e reformada en 1984, é a ponte sobre o río cuxo nome é antónimo da principal característica dun cauce fluvial, o Seco.

1. Vista xeral da igrexa de Santa María co cabaceiro á dereita e o hospital de peregrinos á esquerda.

2. Cruceiro.

3. Ponte medieval sobre o río Seco.

MERCAMELIDE

VI FEIRA DE OPORTUNIDADES

7 e 8 de Agosto 2010

No Pazo de Congresos de Melide,
dende as 11 da mañá ata as 8 do serán.

De todo e para todos

ARTÍGOS DE CALIDADE A PREZOS REDUCIDOS

Artigos de regalo, calzado,
confección e moda,
complementos, fogar,
decoración, deportes, ferretería,
lencería, menaxe, mercería,
moble, fotografía, óptica,
perfumería, textil ...

**Sorteos
Sorteos**



Organiza:

**COMERCIO
DE
MELIDE**

Colabora:



**CONCELLO
DE MELIDE**

